



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Economía e Empresa

Traballo de  
fin de grao

A desigualdade en  
Galiza: estrutura e  
evolución da  
distribución da  
renda entre 1981 e  
2015

Gael González Beira

Titora: Margarita Vilar Rodríguez

**Grao en Economía**

Ano 2016

## Resumo

Neste traballo analízase a desigualdade en Galiza e a súa evolución desde os anos oitenta procurando comprender como mudou a distribución da renda así como identificar os factores que en maior medida determinaron a súa evolución ao longo destas tres últimas décadas. A primeira parte do traballo céntrase no estudo da evolución da posición relativa de Galiza a nivel europeo e español co obxectivo de visualizarmos as desigualdades a nivel territorial neses marcos e avaliar os procesos de converxencia desde o establecemento do Estado das Autonomías e a incorporación española á Unión Europea. Na segunda parte, analizaremos a estrutura social e a evolución da desigualdade en Galiza empregando os indicadores sobre os que existe un maior consenso para determinar se as mudanzas na distribución conduciron a unha maior o menor desigualdade. Por último, no traballo analízanse unha serie de atributos, variábeis sociolaborais, xeográficas, e sociodemográficas que poden axudarnos a explicar a desigualdade e a súa evolución.

*Palabras clave:* desigualdade, Galiza, converxencia, distribución da renda, estrutura social, 1981-2015, século XX, século XXI.

# Resumen

En este trabajo se analiza la desigualdad en Galicia y su evolución desde los años ochenta procurando comprender como cambió la distribución de la renta así como identificar los factores que en mayor medida determinaron su evolución a lo largo de estas tres últimas décadas. La primera parte del trabajo se centra en el estudio de la evolución de la posición relativa de Galicia a nivel europeo y español con el objetivo de visualizar las desigualdades a nivel territorial en esos marcos y evaluar los procesos de convergencia desde el establecimiento del Estado de las Autonomías y la incorporación española a la Unión Europea. En la segunda parte, analizaremos la estructura social y la evolución de la desigualdad en Galicia empleando los indicadores sobre los que existe un mayor consenso para determinar si los cambios en la distribución condujeron a una mayor o menor desigualdad. Por último, en el trabajo se analizan una serie de atributos, variables sociolaborales, geográficas, y sociodemográficas que pueden ayudarnos a explicar la desigualdad y su evolución.

Palabras clave: desigualdad, Galicia, convergencia, distribución de la renta, estructura social, 1981-2015, siglo XX, siglo XXI.

## Abstract

This paper analyzes inequality in Galicia and its evolution since the 1980s. It aims to understand the evolution of income distribution, and to identify its determining factors in the last three decades. The first part of the paper focuses on Galiza's evolution relative to Europe and Spain in order to visualize the inequalities within those frameworks, and evaluate the impact of convergence both in the establishment of System of Autonomies and in Spain's integration in the European Union. The second part examines the social structures and the evolution of inequality in Galicia through a set of consensuated indicators to determine whether changes in income distribution led to greater or lesser inequality. Finally the papers analyzes a number of attributes, social, labor, geographic, and demographic variables that may help explain inequality and its evolution.

*Key words:* inequality, Galicia, convergence, income distribution, income gap, social structure, 1981-2015, 20th century, 21st century.

# Índice

Introdución.....	8
1. As desigualdades territoriais, renda e gasto: análise teórica.....	12
1.1. Convergencia e desigualdades no ámbito territorial europeo e español.....	15
1.2. A desigualdade no ámbito territorial español por comunidades autónomas....	21
2. Estrutura social e evolución da desigualdade en Galiza.....	27
3. Determinantes da desigualdade.....	42
Conclusións.....	54
Bibliografía.....	57
Anexos.....	60

## Índice de figuras

Figura 1. PIB <i>per capita</i> a prezos correntes das rexións da UE en 2014.....	15
Figura 2. Variación PIB das rexións da UE de 2008 a 2013 .....	16
Figura 3. Taxas medias de crecemento anual do PIB. Galiza e España 1981-2015....	18
Figura 4. Variación da taxa de emprego das rexións da UE de 2009 a 2014.....	20
Figura 5. IDH das comunidades autónomas entre 1980 e 2010.....	23
Figura 6. PIB <i>per capita</i> das comunidades autónomas en 2015.....	24
Figura 7. Evolución do peso dos fogares galegos con ingresos principais por traballo, diferenza en porcentaxe entre fogares con ingresos principais por traballo e por prestacións entre 2002 e 2014.....	34
Figura 8. Variación de ingresos medios mensuais por fogar por áreas comarcais. Galiza 2007-2014.....	36
Figura 9. Curvas de Lorenz relativas. Galiza 1981-2015.....	38
Figura 10. Índice de Gini. Galiza 1981-2015.....	39
Figura 11. Distribución da renda en Galiza. S80/S20. Galiza 1981-2015.....	40
Figura 12. Renda relativa segundo número de persoas perceptoras de ingresos regulares. Galiza 1981-2015.....	44
Figura 13. Porcentaxe de fogares segundo número de persoas perceptoras de ingresos. Galiza 1981-2015.....	45

## Índice de táboas

Táboa 1. Evolución da desigualdade económica por países medida polo Índice de Gini de 1975 a 2014.....	14
Táboa 2. Taxas medias de crecemento anual do PIB por comunidades autónomas entre 1981 e 2015.....	21
Táboa 3. Ingresos por fogar segundo fonte principal de ingresos. Galiza 2007-2014..	32
Táboa 4. Ingresos por fogar segundo tipoloxía dos ingresos. Galiza 2007-2014.....	32
Táboa 5. Fogares segundo fonte principal de ingresos. Galiza 2007-2014.....	34
Táboa 6. Fogares segundo fonte principal de ingresos por provincias. Galiza 2007-2014 .....	35
Táboa 7. Distribución dos fogares por características. Porcentaxe sobre fogares totais, Galiza 1981-2015.....	47
Táboa 8. Distribución do ingreso dos fogares galegos por características. Ingreso monetario restrinxido. Galiza 1981-2015.....	49
Táboa 9. Ingresos dos fogares compostos por menores de 35 anos. Galiza 2007-2014 .....	50
Táboa 10. Ingresos dos fogares compostos por maiores de 65 anos. Galiza 2007-2014 .....	51
Táboa A-1. Distribución da renda en Galiza. Ingreso axustado OCDE.....	60
Táboa A-2. Distribución da renda en Galiza: Lorenz. Ingreso axustado OCDE.....	61

# Introdución

A desigualdade, do punto de vista económico e social, está presente en todas as sociedades e períodos históricos. A súa estrutura e evolución axúdanos a entender e debater sobre a súa natureza, causas e consecuencias. É por isto que coñecermos a distribución do ingreso nun determinado territorio é un aspecto fundamental para determinar o seu grao de cohesión social, así como, a súa relación co crecemento económico e se este contribúe favorablemente ao benestar dun xeito máis ou menos igualitario.

O interese polo estudo da cuestión da distribución da renda medrou ao longo das últimas décadas nun conxunto amplo de países. Así, o período que seguiu á Segunda Guerra Mundial caracterizouse por un pulo á igualación do ingreso individual ao tempo que se impulsaban os sistemas estatais de benestar que tenderon a igualalo aínda máis. Porén, a mediados dos anos setenta, iniciouse a ruptura desta senda igualadora e é a partir de aí que se produciu un auxe dos estudos sobre desigualdade económica, Atkinson (1970), e establécese tamén o criterio de Lorenz como básico para ordenar as distribucións de acordo coa desigualdade.

Os estudos de Piketty: *La economía de las desigualdades* (2008) e máis recentemente *El capital en el siglo XXI* (2013), *El precio de la desigualdad* de Stiglitz (2012) ou *Inequality* de Atkinson (2015) relanzaron o debate sobre a cuestión da distribución da renda e a desigualdade. O feito de lle outorgaren no ano 2015 o Premio Nobel de Economía ao economista escocés Angus Deaton, quen ten enfocado os seus traballos cara a análise das relacións entre o consumo, a desigualdade, o crecemento económico, a pobreza e o benestar social, influíndo no uso extensivo de enquisas a fogares e individuos permitindo identificar aspectos que no marco das cifras da contabilidade na-



cional terían pasado máis desapercibidas, pon de relevo a actualidade do tema e o seu atractivo para o estudo. Tamén espertan moito interese os temas de converxencia en renda e benestar tanto a nivel nacional como internacional; singularmente, no marco europeo, estúdase a converxencia en termos de renda *per capita* co obxectivo de avaliar as políticas europeas de cohesión.

Polo que se refire a Galiza, na actualidade, existen estudos que dunha forma ou outra procuran abordar a desigualdade neste territorio: destacan o traballo de Gradín e Del Río (2001) no que se empregan diferentes fontes de información que nos serán de especial utilidade para este traballo tales como as *Enquisas de Orzamentos Familiares* elaboradas polo INE, a *Enquisa de Condicións de Vida das Familias en Galiza* tanto a elaborada polo Gabinet d'Estudis Socials para a Xunta como as que a partir de 1999 elaborou o IGE. Alén disto, existen tamén unha serie de indicadores que marcan obxectivos de loita contra a pobreza e a exclusión social recollidos no European Community Household Panel (ECHP) que permitirán avaliar o grao de converxencia en termos de igualdade.

Noutro estudo máis recente, Gradín et al. (2006), faise unha análise territorial da desigualdade, constatando que Galiza caracterízase por unha dualidade no plano do desenvolvemento económico que a nivel coloquial expresamos como como a Galiza Urbana/Rural ou a Galiza Atlántica/Interior e que representan a existencia, por unha banda, de zonas máis ricas e á vez máis desiguais que se incorporan con éxito aos procesos de industrialización, inseridas no comercio internacional ou que desenvolveron un sector servizos de importancia, con taxas de actividade máis altas, maior peso das rendas do traballo por conta allea e con maior empuxe demográfico; e, por outra banda, doutras zonas que perden peso demográfico, a súa poboación está máis envellecida, é máis pobre e máis igualitaria, e onde as pensións e as rendas por conta propia representan unha parte maior do ingreso.

O principal obxectivo deste traballo é analizar a desigualdade en Galiza e comprender como se modificou a distribución da renda nas últimas décadas, procurando obter unha perspectiva que nos permita facer unha composición de lugar da estrutura e a evolución da distribución da renda así como identificar os factores que en maior medida determinaron a súa evolución ao longo destas tres últimas décadas, por isto escollemos o período que abrangue de 1981 até 2015 que representa un espazo suficientemente amplo para observar as tendencias das variábeis que empregaremos. O inicio do período responde fundamentalmente ao inicio dun novo ciclo político en Galiza coa aprobación do Estatuto de Autonomía e a posta en marcha dos instrumentos de

autogoberno. O final do período responde ao interese porque o estudo contemple os últimos datos dispoñíbeis e resulte o máis actual posíbel. O marco comparativo no que inserimos Galiza vén determinado pola súa posición relativa tanto a respecto de España como da Unión Europea e, especialmente, canto á converxencia no marco das que Cuadrado (1998) chama “regiones periféricas menos dinámicas”.

A evolución da desigualdade en Galiza non ten por que ter seguido un patrón común nin ter sido homoxénea nos diferentes grupos de poboación e colectivos en que se compón a sociedade galega, se supoñendo que algún dos atributos que comparten fose determinante fundamental para os seus ingresos, por exemplo a cualificación individual ou as fontes de renda; centrarémonos tamén nas variábeis sociolaborais, (ocupación, desocupación, inactividade, rama de actividade), xeográficas (tamaño das poboacións) e sociodemográficas (composición dos fogares).

No conxunto permitíranos analizar uns dos factores que, talvez, estean asociados aos profundos cambios experimentados pola sociedade galega na súa estrutura familiar, demográfica e política, o papel das institucións de autogoberno, a incorporación á Unión Europea, as importantes transformacións no mercado de traballo e a evolución da economía.

Desde o establecemento do Estado das Autonomías e a incorporación española á Unión Europea incrementouse notabelmente o interese por cuantificar as diferenzas interrexionais da renda en España. O debate sobre os diferentes modelos de financiamento das CC.AA. e sobre se estes deben recoller elementos compensatorios das desigualdades interterritoriais non son alleos a este fenómeno, habitualmente empréganse os datos da Contabilidade Rexional do INE e os da serie *Renda Nacional de España e a súa distribución provincial* da Fundación do BBVA para diferentes agregados económicos de renda, produción e consumo. Porén, nos últimos anos este enfoque enriqueceuse significativamente coa dispoñibilidade de datos microeconómicos que nos permiten non só analizar as desigualdades territoriais senón tamén a medición das desigualdades persoais dentro das comunidades autónomas e no conxunto do Estado e da UE a través da *Enquisa de Orzamentos Familiares*, as *Enquisas Contínuas de Orzamentos Familiares* así como o *Panel de Fogares da Unión Europea* ou a *World Top Income Database*, de todas estas no mellor dos casos Galiza aparece como unha submostra dentro do conxunto do Estado. No entanto, dispoñemos de fontes de información cuxo universo é a propia comunidade autónoma galega como as que mencionabamos no inicio, a *Enquisa de Condicións de Vida das Familias en Galiza* tanto a

elaborada polo Gabinet d'Estudis Socials para a Xunta como as que a partir de 1999 elaborou o IGE.

A evolución da distribución da renda en Galiza posibelmente estea máis influída polas tendencias predominantes en España que polas que se teñan podido producir nos demais países da OCDE, o cal non impide que amose un comportamento diferencial e peculiar en relación ao conxunto do Estado. Veremos que existe evidencia empírica suficiente para afirmar que Galiza nos anos oitenta se moveu contracorrente e logrou mellorar a súa distribución. Porén, isto non exclúe a posibilidade de se tratar dun simple retardo na incorporación a esa hipotética tendencia desigualadora iniciada nos EUA e no Reino Unido pois a partir dos noventa ditas melloras fóronse freando.

As contribucións máis destacadas no estudo da desigualdade en Galiza antes do traballo de Gradín e Del Río (2001) frecuentemente analizaban o caso galego dentro do conxunto das CC.AA. do Estado español. Ruz-Castillo (1987) inicia este tipo de estudos mediante a explotación da ampla mostra contida na EPF de 1980-81 para analizar a distribución en cada Comunidade Autónoma e esta metodoloxía é habitual en moitos traballos que se realizaron nos noventa, e entre os estudos máis específicos sobre Galiza tamén é destacábel o de Troitiño (2000).

# 1. As desigualdades territoriais, renda e gasto: análise teórica

Nas últimas décadas, a distribución da renda a nivel mundial fíxose máis desigual, tanto porque aumentaron as desigualdades entre países como polo seu aumento dentro de cada país, traducíndose nun aumento da desigualdade global, como mostran os estudos de Atkinson (2003), Galbraith (2004), Wade (2004) ou Piketty (2013).

Canto ás causas que explican o aumento da desigualdade global cara ao final do século XX destacarían, dunha banda, o maior crecemento da poboación dos países máis pobres respecto dos máis ricos e, doutra, tres factores ligados ao proceso de globalización neoliberal: a forte caída dos prezos das mercadorías non petrolíferas, a crise financeira e o cambio tecnolóxico que favoreceu a concentración do investimento e das actividades de alto valor engadido nas zonas máis ricas do planeta.

Neste sentido, Piketty afirma que a historia da distribución da riqueza nunca deixou de ser profundamente política o que impide restrinxila aos mecanismos puramente económicos. En particular, a redución da desigualdade que ocorreu nos países desenvolvidos entre 1900-1910 e 1950-1960 foi, antes de todo, resultado das guerras e das políticas públicas adoptadas para atenuar o impacto deses choques. Do mesmo xeito, o reascenso da desigualdade despois dos anos 1970-1980 debeuse, en parte, ás políticas ocorridas nas últimas décadas principalmente no que atinxe á tributación e ás finanzas. A historia da desigualdade moldéase pola forma en que os actores políticos, sociais e económicos enxergan o que é xusto e o que non, así como pola influencia relativa que cada un deles ten e polas escollas colectivas que transcorren. É dicir, é froito da combinación, do xogo de forzas, de todos os actores envoltos.

O feito de a distribución da renda non se volver máis igualitaria nas últimas décadas, senón o contrario, evidencia a eiva do discurso da converxencia en base ao libre xogo dos mercados, pois todos os países do chamado Terceiro Mundo, incluídos aqueles que experimentaron un crecemento económico importante, sufriron un aumento das desigualdades internas, tanto rexionais como persoais. As principais forzas que propelen a converxencia son os procesos de difusión do coñecemento e investimento na cualificación e na formación da man de obra. O proceso de difusión de coñecementos e competencias é o principal instrumento para aumentar a produtividade e ao mesmo tempo diminuír a desigualdade, tanto dentro dun país como entre diferentes países, como ilustra a recuperación actual das nacións ricas e boa parte das emerxentes, a comezar por China, segundo Piketty (2013).

Os estudos realizados no marco da Luxembourg Income Study (LIS), da World Top Incomes Database (WTID) ou os dos expertos como Atkinson (2003) ou Galbraith (2004) mostran que hai unha tendencia bastante xeneralizada cara a un aumento das desigualdades desde os anos setenta. Porén, seguen observándose niveis de desigualdade moi dispares e mesmo tendencias relativamente diversas que nos fan pensar que, mesmo sendo común o aumento das desigualdades desde os anos setenta, non existe converxencia nos niveis de desigualdade dos diferentes países senón que persisten traxectorias moi diversas país a país, reflexo de modelos sociais e de políticas públicas moi diferentes. Case todos os estudos coinciden en amosar a existencia de distintos modelos con niveis de desigualdade diferente podemos condensar de menor a maior nivel de desigualdade: nórdico, continental, meridional ou mediterráneo, anglosaxón e outros (Táboa 1).

Analizaremos as desigualdades a nivel territorial tanto europeo como español co obxectivo de visualizarmos a evolución da posición relativa de Galiza neses marcos e de avaliar os procesos de converxencia pois as desigualdades a nivel territorial teñen unha relevancia esencial na análise das desigualdades, máxime, desde que o desenvolvemento do capitalismo industrial mudou o patrón de localización asociado ao uso da terra provocando a aceleración da concentración da actividade económica ao redor de determinados espazos. Estas desigualdades a nivel territorial mestúranse e entrecúzanse coas desigualdades sociais adquirindo unha complexidade aínda maior pois agudizan o debate sobre o modelo de articulación das diferentes sociedades.

Táboa 1

## Evolución da desigualdade económica

(Medida polo Índice de Gini)

Países	Ano aproximado (fontes: OCDE e Banco Mundial)							Fonte: Eurostat (só Europa)		
	1975	1985	1990	1995	2000	2005	2008	2009	2011	2014
<b>Nórdicos</b>										
Finlandia	0,235	0,209	-	0,218	0,247	0,254	0,259	0,259	0,258	0,256
Islandia	-	-	-	-	0,257	0,311	-	0,280	0,236	0,227
Noruega	-	0,222	-	0,243	0,261	0,276	0,250	0,237	0,229	0,235
Dinamarca	-	0,221	0,226	0,215	0,226	0,232	0,248	0,252	0,278	0,277
Suecia	0,212	0,198	0,209	0,211	0,243	0,234	0,259	0,234	0,244	0,254
<b>Continentais</b>										
Austria	-	0,236	-	0,238	0,252	0,265	0,261	0,262	0,263	0,276
Franza	-	0,300	0,290	0,277	0,287	0,288	0,293	0,266	0,308	0,292
Alemaña	-	0,251	0,256	0,266	0,264	0,285	0,295	0,304	0,290	0,307
P. Baixos	0,263	0,272	0,292	0,297	0,292	0,284	0,294	0,276	0,258	0,262
<b>Mediterráneos</b>										
Grecia	0,413	0,336	-	0,336	0,345	0,321	0,307	0,343	0,336	0,345
Italia	-	0,309	0,297	0,348	0,343	0,352	0,337	0,323	0,319	0,324
Portugal	0,354	-	0,329	0,359	0,356	0,385	0,353	0,368	0,342	0,345
España	-	0,371	0,337	0,343	0,342	0,319	0,317	0,313	0,340	0,347
<b>Anglosaxóns</b>										
Irlanda	-	0,331	-	0,324	0,304	0,314	0,293	0,332	0,298	0,345
Reino Unido	0,268	0,309	0,354	0,336	0,352	0,331	0,342	0,330	0,330	0,316
Canadá	0,304	0,293	0,287	0,289	0,318	0,317	0,324	0,320	0,316	-
EE. UU.	0,316	0,337	0,348	0,361	0,357	0,380	0,378	0,379	0,389	0,411*
<b>Asia</b>										
India*	0,351	0,325	0,329	0,325	0,320	0,370	0,339	-	-	-
Xapón	-	0,304	-	0,323	0,337	0,321	0,329	0,336	-	-
China*	-	0,288	-	0,388	0,410	0,425	0,421	-	-	-
<b>América Latina</b>										
América L. (**)	0,501	0,515	0,519	0,530	0,532	-	0,509	-	-	-
Brasil*	-	0,570	0,590	0,610	0,590	0,580	0,544	0,539	0,531	0,529
México	-	0,452	-	0,519	0,507	0,474	0,476	0,466	0,482	-
Venezuela (***)	-	0,447	0,448	0,459	0,498	0,490	0,412	-	-	-

Cadro extraído de Martínez, 2013; pp 62-63, completado cos anos dispoñíbeis. As fontes da OCDE e de Eurostat non son homoxéneas polo que se mostran por separado, os datos de Europa de 2009, 2011 e 2014 teñen como fonte Eurostat. \*Banco Mundial. \*\*Gasparini e Lustig (2011). \*\*\*Székely e Sámano (2012).

Definimos o índice de Gini como:  $G=1-\sum_{i=1}^n (p_i-p_{i-1})(L_i+L_{i-1})$  sendo  $p$  a proporción acumulada da variábel poboación e  $L$  a proporción acumulada da variábel renda. O valor de  $G$  está acotado entre o 0 e o 1. Se é igual a 0 indícanos que a distribución é perfectamente igualitaria mentres que se é igual a 1 a desigualdade sería máxima.


## 1.1. Convergencia e desigualdades no ámbito territorial europeo e español

Para avaliarmos o proceso de converxencia de Galiza e España coa Unión Europea, empregaremos como referencias os traballos de Prada (1999) e Prada e Lago (2008). Deterémonos singularmente no de 2008 porque nel analízase a evolución do PIB e a poboación, do emprego e doutros indicadores complementarios do benestar empregando os datos do espazo da chamada UE-15 pois as novas incorporacións á UE, con estados con rendas *per capita* inferiores á española, desvirtuarían a posición relativa de España respecto aos anos previos.

Figura 1

### PIB *per capita* a prezos correntes das rexións da UE

(Porcentaxe do PIBpc das rexións NUTS 2 sendo a UE 28 o 100% en paridade de poder de compra para 2014)



Elaboración propia con datos do Eurostat. Estatística xeral e rexional


Amáis disto, teremos en conta os datos da UE dos vinteoito para analizar a posición relativa de Galiza e do Estado no marco da UE actual.

Os datos da oficina estatística da Comisión Europea, Eurostat, para o conxunto da Unión correspondentes a 2014, indican que a riqueza por habitante xerada na economía galega é o 80% da media da UE (Figura 1), no mesmo nivel que en 2003 e nove puntos menos que nos anos 2008 e 2009, cando acadou o 89%.

Figura 2

## Variación do PIB das rexións da UE

(Porcentaxe de variación do PIB das rexións NUTS 2 respecto da media da UE 28 de 2008 a 2013)



Elaboración propia con datos do Eurostat yearbook 2015

Se observamos a situación dos territorios da nosa contorna, algúns dos maiores retrocesos producíronse en territorios que estaban e seguen a estar por riba da media da renda europea como Navarra, o País Vasco, Cataluña ou Aragón mais tamén outros cunha posición relativa máis similar a galega como Asturias, ou a Comunidade Va-



lenciana. No espazo europeo, de entre as rexións que en 2008 se atopaban por baixo da media comunitaria, só tiveron unha evolución peor que a galega as rexións gregas, Chipre e as rexións borde, central e oeste de Irlanda ademais de Irlanda do Norte (Figura 2).

Entre os anos 1985 e o 2008, xusto antes da Gran Recesión, a participación de España e de Galiza no PIB da UE-15, medido en estándares de poder de compra, pasou de representar o 7,7% ao 10,6% no caso español, mentres que Galiza pasou do 0,48% ao 0,56%. O avance foi significativamente máis forte no caso español mais se tomamos o último dato da serie do Eurostat<sup>1</sup> (2014) España pasaría no conxunto do período do 7,7% ao 9,7% e Galiza do 0,48% ao 0,49%. Canto á poboación, a asimetría é maior pois, mentres que España pasa do 10,7% ao 11,5% en 2015 Galiza perde once décimas, pasando do 0,79% ao 0,68%. Intúese, por tanto, que esta perda relativa de poboación inflúe positivamente na evolución do PIB *per capita*.

Con carácter xeral, o ratio de converxencia en PIB *per capita* dunha economía integrada *A* noutra máis extensa *B* pode descomperse do seguinte xeito:

$$\frac{\frac{PIB_A}{POB_A}}{\frac{PIB_B}{POB_B}} = \frac{PIB_A}{PIB_B} \cdot \frac{1}{\frac{POB_A}{POB_B}}$$

Este indicador de converxencia, malia as limitacións que ten para a análise do nivel de desenvolvemento e benestar dun país a súa evolución, segue a ser o criterio preferido pola UE para avaliar a converxencia. Para o caso galego, asumimos que a economía *B* sería a UE-15 tanto para Galiza como para España. E para Galiza a *B* tamén sería España. A expresión anterior amosa que *A* pode converxer con *B* por dúas vías: aumentando o peso do seu PIB ou reducindo o seu peso poboacional.

Observamos entón que tanto Galiza como España converxen cara a media da UE-15 desde o ano 1985. Porén, a vía da converxencia é moi diferente nestes dous casos pois España respondería á primeira vía de converxencia e Galiza representaría a segunda.


Sendo 100 o PIB *per capita* da UE-15 en termos de paridade de poder de compra nos anos 1984 e 2014, España pasou do 72% ao 84% e Galiza do 63% ao 74%. É dicir, Galiza converxe menos que España e faino, sobre todo, perdendo peso demográfico. Pola contra, España converxe exclusivamente polo incremento do peso do PIB e malia unha dinámica demográfica expansiva.

<sup>1</sup><http://ec.europa.eu/eurostat>

Figura 3

## Taxas medias de crecemento anual do PIB

(Galiza e España)



Fonte: Cancelo (2006) p.71 para o período 1981-1999 e Contabilidade rexional do INE para o 2000-2015

Se ollamos o período que vai desde a incorporación do Estado á entón CEE até a actualidade e fixámonos nas taxas medias de crecemento, Galiza medrou dun xeito destacábel, aínda que o fixo a un menor ritmo que España e na fase de recuperación dos noventa saíu menos beneficiada, do mesmo xeito que parece estarse a producir agora. Como consecuencia, Galiza perde peso económico no conxunto do Estado e pasa de representar o 5,8% do PIB español, de media entre os anos 1986-1990, a apenas o 5% no ano 2014. É certo que hai momentos nos que a perda de peso é máis lenta mais o fundamental é que a economía galega perdeu máis dun 13% de peso relativo no Estado desde o ingreso de España na Unión. Canto á poboación ocorre algo similar, cae dun xeito continuo ao longo do período, pasando do 7% na segunda metade dos oitenta até o 5,9% de 2015. Como resultado, o indicador de PIB *per capita* mantense ao redor do 80%, mellorando un pouco nos últimos anos debido a un mellor comportamento do crecemento do PIB até 2010 e tamén ao deterioro demográfico.

Como dicíamos antes, é certo que o PIB *per capita* é un indicador parcial para o nivel de desenvolvemento dun país sobre todo en termos de benestar e de calidade de vida pois non ten en conta aspectos básicos como o acceso á saúde, á cultura ou á educación dos seus habitantes. Por isto, a ONU a través do Plano das Nacións Unidas para o Desenvolvemento deseñou unha serie de índices que analizan de xeito comple-

mentario outros aspectos. O máis coñecido é o Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) que inclúe ademais do PIB *per capita*, a esperanza de vida ao nacer e a educación. O seu valor atópase normalizado entre 0 e 1 representando a maior valor do índice, maior nivel de desenvolvemento humano. O IDH aproximaría, deste xeito, unha cuantificación de como un país é quen de transformar crecemento económico e riqueza en desenvolvemento social.

Segundo os estudos de Prada (1999) e Prada e Lago (2008) obsérvase que, conforme ao IDH, a posición de Galiza está por debaixo dos seus espazos de referencia. Porén, a desviación a respecto da media europea e española é inferior en desenvolvemento humano que en termos de produción e riqueza e nosa posición mellora desde 1981.

No que se refire ao emprego, a evolución foi máis negativa pasando dun peso relativo dun 9,11% sobre o conxunto do Estado a un 5,7% desde 1980 até 2015<sup>2</sup>: unha caída que supón un descenso dun 37%. A oficina estatística da Comisión Europea, no seu último anuario de estatísticas rexionais, estuda nun dos seus apartados o impacto da crise económica e financeira no mercado de traballo revelando non só que o desemprego afecta máis aos estados meridionais de Europa senón tamén as diferenzas entre territorios no que ten a ver cos postos de traballo perdidos durante a crise. Así, Eurostat explica que entre 2009 e 2014 a maioría das rexións europeas sufriron importantes movementos no seu mercado laboral, ben sexa incrementando a súa poboación ocupada, caso por exemplo, de todo o territorio de Alemaña e Suecia e a na maior parte do Reino Unido, ou contraéndoa significativamente no sur de Europa, nestes territorios alén de seren datos particularmente evidentes, a destrución de emprego produciuse a un ritmo rápido neste período.

Vemos na Figura 4 como todas as rexións de Grecia rexistraron caídas no emprego por riba dos 5 puntos durante estes anos, mais tamén se rexistraron reducións desta magnitude en tres comunidades autónomas: Castela-A Mancha, Galiza e Andalucía. No caso galego, a contracción da porcentaxe de poboación de entre 20 e 64 anos cun posto de traballo foi de 6,2 puntos. Na mesma banda de destrución de emprego, aínda que por riba de Galiza en termos porcentuais, están tamén outros territorios periféricos da Unión Europea como Azores e Madeira.

Estas cifras distancian o mercado laboral galego da media europea, que durante a Gran Recesión avanzou un 0,3%, pero tamén o afastan de territorios do Estado onde houbo destrución de emprego, aínda que, menor. Este é o caso das Baleares, onde o

---


<sup>2</sup>Cuadrado (1998) p. 156 e Enquisa de poboación activa. INE (2015).

emprego retrocedeu 1,2 puntos, ou do País Vasco e Cataluña, onde segundo Eurostat o mercado laboral sufriu unha contracción de 2 puntos nos últimos cinco anos.

Figura 4

## Variación na taxa de emprego das rexións da UE

(Puntos porcentuais de diferenza na taxa de emprego das rexións NUTS 2 da UE 28 entre 2009 e 2014)



Elaboración propia con datos do Eurostat yearbook 2015.

A experiencia concreta de Galiza neste período é que presenta uns avances en termos de converxencia en PIB *per capita* modestos e debidos, sobre todo, á perda de peso demográfico de Galiza tanto en España como en Europa; salienta tamén unha mellor posición de Galiza no indicador de desenvolvemento humano da que ten por PIB *per capita*. Porén, ademais de Galiza ter anotado un menor crecemento económico, este transformouse nunha menor xeración de emprego e nunha perda de peso relativo no Estado e na UE para o conxunto do período e observamos que a creación de

emprego nas fases de crecemento vai por debaixo do ritmo deste e nas fases de desaceleración ou de crise a destrución de emprego tende a ser maior.

## 1.2. A desigualdade no ámbito territorial español por comunidades autónomas

Na Figura 3 representabamos as taxas de crecemento do PIB en Galiza e España para o período 1981-2015, observando que o crecemento da economía galega situouse sistematicamente por debaixo do crecemento do conxunto do Estado, agás nun número reducido de anos nos que practicamente son iguais. Na Figura 6 resumimos os PIB *per capita* das comunidades autónomas con respecto á media española, co obxectivo de situar Galiza no contexto territorial do Estado. Do mesmo xeito, representamos por quinquenios na Táboa 2 as taxas medias de crecemento anual de cada comunidade.

Táboa 2

### Taxas medias de crecemento anual do PIB

(Datos por comunidades autónomas entre 1981 e 2015)

	1981 1985	1986 1990	1991 1995	1996 2000	2001 2005	2006 2010	2011 2015
Andalucía	1,3	4,9	0,9	4,4	3,7	0,8	-0,3
Aragón	2,2	4,0	1,2	3,1	3,2	0,9	-0,4
Asturias	0,2	1,4	0,5	2,7	2,7	1,0	-1,1
Baleares	2,9	3,2	2,2	4,1	2,2	0,7	0,3
Canarias	4,4	4,7	2,0	4,3	3,4	0,3	0,2
Cantabria	0,7	4,8	1,1	3,9	3,4	1,0	-1,1
Castela e León	1,2	2,3	0,9	2,5	3,1	1,2	-0,6
Castela-A Mancha	1,5	3,7	-0,3	3,4	3,4	1,3	-0,7
Cataluña	0,8	5,5	1,7	3,3	3,1	0,6	-0,2
Extremadura	3,0	3,6	1,2	4,3	3,5	1,6	-0,3
<b>Galiza</b>	<b>-0,4</b>	<b>2,7</b>	<b>1,1</b>	<b>2,8</b>	<b>2,9</b>	<b>1,4</b>	<b>-0,6</b>
Madrid	2,3	5,5	1,3	4,5	3,5	1,1	0,6
Murcia	1,6	5,8	0,7	4,7	3,9	1,2	-0,1
Navarra	1,9	4,4	1,1	4,0	3,1	1,7	-0,1
País Vasco	1,2	3,3	1,5	4,0	2,9	1,2	-0,2
Rioxa	3,3	2,3	2,7	3,7	3,0	1,1	-0,7
Valencia	2,2	3,9	1,5	4,4	3,3	0,6	-0,3
España	1,5	4,4	1,3	3,8	3,3	0,9	-0,1

Fonte: Cancelo (2006) p.71 para o período 1981-1999 e Contabilidade rexional do INE para o 2000-2015

No conxunto do período 1981-2015, o PIB galego creceu a unha media do 1,4% anual mentres que o español medrou a un 2,15%. O dato galego sitúanos claramente entre as comunidades perdedoras e só supera ao de Asturias (1,1%) que é a que acumula un menor crecemento. A razón principal da diverxencia entre as comunidades que máis medran e as que menos, segundo apunta De la Dehesa (2000), atópase fundamentalmente, na capacidade para crear emprego, especialmente no sector industrial e no de servizos.

É certo que a división por quinquenios vainos enmascarar o comportamento ano a ano. Porén, preferimos manter división por quinquenios igual que no estudo de Cancelo (2009) para que os períodos sexan homoxéneos. Así, o crecemento medio español nos oitenta foi maior que nos noventa, 2,9% fronte 2,3%, mentres que en Galiza foi ao revés, medrou máis nos noventa que nos oitenta, de xeito que o diferencial de crecemento pasa de -1,7 a -0,4. As dificultades da economía galega nestes anos teñen que ver, por unha banda, coa profunda crise nos sectores clave que impulsaran o incipiente proceso de industrialización dos anos sesenta e setenta e as políticas de reconversión dos anos oitenta impostas pola incorporación española a UE; e por outra, co forte ritmo de destrución de emprego na agricultura galega exposta cada vez máis á competencia internacional e unha política comunitaria que limitaba a súa capacidade produtiva. A combinación de ambas explica un comportamento sistematicamente peor do crecemento económico galego a respecto da media española.

No primeiro quinquenio do novo século o crecemento medio galego mantén o diferencial de -0,4 da década anterior. O efecto da crise dilúese algo no quinquenio que vai do 2006 a 2010 pois vese que o diferencial pasa a ser positivo para Galiza en 0,5 por un comportamento mellor do crecemento económico galego, nótase que os anos 2006 e 2007 son os de maior crecemento en Galiza de todo o período estudado. Este diferencial poderíase explicar segundo Meixide (2007 e 2008) polo maior dinamismo que exhiben a industria e os servizos nestes anos. No ano 2009, xa na Gran Recesión, o PIB cae en todas as comunidades autónomas e tamén é o peor ano para o PIB español e galego en toda a serie. No último quinquenio, practicamente todos os anos, agás o 2013 no que caen o mesmo, o crecemento anual do produto é menor en Galiza que no Estado pasando novamente a un diferencial negativo de -0,5.

Se volvemos ao IDH observamos, no entanto, que Galiza ascende posicións no *ranking* do IDH autonómico a respecto da posición que ocuparía ordenada polo seu PIB *per capita*, e a súa posición vai mellorando desde 1981 converxendo coa media española e adiantando mesmo a algunha comunidade autónoma con PIB *per capita*


superior, é dicir, a nosa diferenza en desenvolvemento humano é menor que en crecemento económico. No estudo de Herrero, Soler e Villar (2013) distínguense tres compoñentes do IDH, o índice de saúde, o de educación e o de benestar material, e destácase que o primeiro, no Estado español do mesmo xeito que a nivel internacional, é a compoñente máis relevante e que o de educación ten superado nos últimos anos á compoñente de renda.

Na Figura 5 observamos como os saltos máis relevantes prodúcense na década dos noventa e entre os anos 2000 e 2010, sendo este último o período no que adiantamos a Comunidade Valenciana e as Illas Baleares, ambas con PIB *per capita* maior que o galego. No mesmo estudo de Herrero et al. (2013) sinálase que os índices de saúde e educación apenas se alteraron nos primeiros anos da crise mentres que a compoñente de benestar material si se deteriorou significativamente. Así, un mellor desempeño das compoñentes de saúde e educación en Galiza poderían explicar a nosa maior converxencia en termos de desenvolvemento humano que en PIB *per capita* sumado a un comportamento peor do índice de benestar material nas comunidades que adiantamos no *ranking* nos últimos anos.

Figura 5

## IDH das comunidades autónomas, 1980-2010

(IDH: Índice de Desenvolvemento Humano)




Extraído de Herrero, Soler e Villar (2013) p.14 que cita como fontes a Goerlich e Ivie, Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (2012), INE (Instituto Nacional de Estadística, 1997, 2005 e 2009) e elaboración propia.

Cos datos rexionais da contabilidade do INE obtemos o PIB *per capita* das comunidades autónomas expresados como porcentaxe do español e temos que a posición relativa de Galiza apenas variou, pasa dun 87% en 1981 a un 88% en 2015 (Figura 6). Sen embargo, dentro do período a evolución non foi lineal, de feito, durante as primeiras dúas décadas retrocedeu até o 77% do PIB *per capita* español e malia un deterioro demográfico moi significativo, perde case un 4% de poboación mentres o conxunto do Estado medraba nas mesmas dúas décadas máis dun 7%.

Figura 6

## PIB *per capita* das comunidades autónomas

(PIBpc das CC.AA. e porcentaxe respecto o español sendo este o 100 %. 2015)



Fonte: Elaboración propia con datos do INE

Para o conxunto do Estado, a diferenza entre a comunidade autónoma máis rica en 1981 e a máis pobre era de 69 puntos e hoxe sitúase en 65, polo que en trinta anos non podemos afirmar que a fenda tenda a reducirse significativamente co paso do tempo.



Centrarémonos no caso galego, pois é o obxecto de estudo neste traballo. O comportamento durante a década dos noventa foi máis positivo que nos oitenta medrando o produto por habitante a un ritmo similar en Galiza que en España mais non será até o novo século no que o crecemento do PIB *per capita* galego medre por riba do español, recuperando o terreo perdido fundamentalmente na década dos oitenta.

En todo caso, temos que lembrar que só foi no período 2006-2010 que o crecemento do PIB galego medra a unha taxa media anual superior á española e, polo tanto, esta aproximación en termos de PIB *per capita* explícase nunha parte significativa polo peor comportamento da variábel demográfica en Galiza.

Neste sentido, resulta interesante recoller os escenarios prospectivos de Prada (1999) para o 2015, no que prevía que para o escenario de converxencia máis rápida esta chegaría a ser total no ano 2030 e en 2015 alcanzaría ao redor do 92%. Supoñíase, por unha banda, o mantemento das taxas de variación anual acumulativa do PIB (1955-1991) e, sen modificar a senda de crecemento, formulábanse tres supostos sobre o comportamento demográfico: o primeiro para o que actuaban unhas taxas históricas implícitas (0,17% para Galiza e 0,8% para España); un segundo no que se empregaban as previsións do INE e IGE (0,11% para Galiza e 0,49% para España) e un terceiro no que se supoñía o mesmo comportamento demográfico para Galiza e para España (0,5%). Acudimos entón aos datos reais de INE e observamos que o comportamento demográfico español foi algo mellor que o do escenario coas taxas implícitas e substancialmente maior ao dos outros dous (0,86%) mentres que Galiza compórtase peor que o previsto polo institutos de estatística (0,013%), o escenario máis conservador dos tres.

Galiza ten hoxe menos poboación que en 1981, circunstancia que no mapa autonómico só comparten Asturias e Castela e León, froito dunha perda constante de poboación durante toda a década dos oitenta e dos noventa que contrastan cun crecemento medio no Estado dun 0,31% ao ano. Se ben o descenso medio é maior nos oitenta (-0,25%) que nos noventa (-0,13%), non será até o ano 2001 que comece a medrar e de maneira moi modesta, a unha taxa inferior ao 0,3% entre 2001 e 2010 mentres que o Estado medra de media ao ano un 1,4%. A partir de 2012, a poboación galega volve caer, anticipando un comportamento que será xeral no ano seguinte no conxunto do Estado derivado da Gran Recesión. A consecuencia natural desta dinámica demográfica regresiva, caracterizada polo envellecemento, é a perda de peso demográfico de Galiza en España do 7,4% ao 5,9% desde 1981.

Ao inicio do período, tanto a taxa de actividade (poboación activa sobre poboación total) como a poboación ocupada sobre a poboación activa en Galiza eran as maiores de entre todas as comunidades autónomas, motivado en parte por un diferencial na taxa de participación feminina, que xa en 1995 practicamente desaparecera,<sup>3</sup> e revelando como a economía galega ten perdido a súa capacidade para xerar empregos para aqueles que desexan traballar. Hoxe, Galiza é a única comunidade autónoma con unha taxa de actividade máis baixa en 2015 que en 1981<sup>4</sup> e caeu ao penúltimo lugar na táboa. Se nos centramos no emprego, observamos que no conxunto do período Galiza perde emprego a unha taxa anual de -0,14% e rexistra na década dos noventa a maior destrución de emprego de entre todas as comunidades autónomas e no conxunto do período só fica por diante de Asturias. Galiza só ten un comportamento un pouco mellor no emprego a partir do pico de crecemento económico que supoñen os anos 2006 e 2007 mais a partir de 2012 volve diverxer.

As dificultades parecen ter que ver coa incapacidade para aproveitar as fases expansivas e tamén con que non houbo suficiente dinamismo no sector industrial nin servizos para absorber a brutal redución no emprego no sector primario que se produciu durante o período e que foi practicamente dun terzo entre 1981 e o 2000. É máis, paralelamente prodúcese un declive no sector industrial, cando menos até 1995, e o sector servizos non ten suficiente capacidade nese momento para compensar todo o proceso.

---

<sup>3</sup>Cuadrado (1998) p.346.

<sup>4</sup>Cancelo (2006) p.115 e Enquisa de poboación activa. INE (2015).

## 2. Estrutura social e evolución da desigualdade en Galiza

Para responder á pregunta de cal foi a evolución da desigualdade en Galiza temos de recorrer ao cálculo dos indicadores de desigualdade máis acaídos e ao criterio de dominancia de Lorenz<sup>5</sup>. Porén, previamente cómpre analizar o proceso de mudanza que, desde a década dos oitenta e mesmo antes, experimentou a economía e a sociedade galega vinculado ás crises agrarias e industriais que caracterizaron o inicio deste período derivadas da reconversión industrial e das condicións nas que o Estado español se incorpora á CEE. Galiza, neste período, pasa de ser unha sociedade esencialmente agraria a ter hoxe apenas 64.000 ocupados no sector primario<sup>6</sup>. A crise industrial e as políticas de reconversión tamén tiveron a súa repercusión na ocupación, a dimensión deste sector diminuíu durante os anos oitenta e principios dos noventa, e malia que se recuperou un pouco a finais da década e principios do novo século apenas recuperou o nivel de ocupación dos oitenta e volveu caer fortemente durante a crise actual. Só o sector servizos experimenta un crecemento sostido e xa supera os 700.000 ocupados, representando na actualidade o 70% do emprego total. Un proceso de terciarización que revela a profundidade do cambio que se produciu nestas tres décadas. A nosa economía amosa hoxe uns niveis de ocupación por sectores moito

<sup>5</sup>Dadas dúas distribucións  $x$  e  $y$ , a distribución  $x$  domina á outra sempre que a curva de Lorenz:

$$L_x(l/n) = L_x(l/n) = \frac{\sum_{i=1}^l x_i}{\sum_{i=1}^n x_i} = \frac{\sum_{i=1}^l x_i}{n\mu_x}$$

asociada a  $x$  non se sitúe por debaixo da asociada a  $y$  en ningún dos puntos

onde se estimaron. Isto é  $L_x(l/n) \geq L_y(l/n)$ .

<sup>6</sup>Enquisa de poboación activa. INE (2015).

máis próximos aos dos países desenvolvidos do noso entorno ao tempo que se incrementa a dependencia dos fogares dos seus ingresos monetarios ao adoptárense os patróns de consumo destas economías. A fonte de ingresos dos fogares tamén mudou considerabelmente: mentres a principios dos oitenta os fogares nutríanse sobre todo de rendas do traballo autónomo e asalariado, actualmente, Galiza conta con pouco máis de 800.000 asalariadas e asalariados, ao redor de 750.000 pensionistas, uns 220.000 autónomos e empresarios e máis de 240.000 parados dos que só unha parte reciben prestación (segundo o anuario estatístico do Ministerio de Empleo y Seguridad Social: 47.000 do nivel contributivo, 54.000 do nivel asistencial e algo menos de 13.000 perciben a Renda Activa de Inserción).

Un trazo importante en Galiza nos últimos anos, é un aumento considerábel no nivel de estudos da poboación, incluída a educación universitaria, sobre todo das mulleres, cifra esta moi superior á media española como destaca Sánchez (2013). Tamén hai que salientar a extensión dos servizos derivados do Estado do Benestar, que actúa favorablemente sobre os factores que inflúen na incorporación das mulleres ao mercado laboral, aínda que o seu carácter modesto en comparación co dos demais países europeos explica que a súa incorporación efectiva sexa comparativamente inferior. En termos xerais, segundo afirma o estudo de Riobóo e Martín (2011), as mulleres atópanse nunha peor situación relativa que os homes canto á súa participación activa no mercado de traballo, aínda que estas desigualdades fóronse reducindo nos últimos anos. Neste estudo, tamén se destaca que as desigualdades de xénero en Galiza son menos acusadas que no conxunto do Estado en termos de actividade e ocupación, mentres que en paro, inactividade e salarios o comportamento é o oposto.

Durante o período analizado hai que salientar tamén a importancia que adquiriu o sector público non só polos empregos xerados a través dos servizos públicos e o conxunto da Administración, directa e indirectamente, senón tamén pola extensión das prestacións e singularmente as pensións de xubilación cunha importancia crecente ao longo do período como reflexo dun severo proceso de envellecemento da sociedade galega.

A pirámide de poboación galega mostra unha sociedade profundamente avellentada onde o 23% da poboación ten 65 e máis anos fronte ao 20% con menos de 25 mentres que no conxunto do Estado a porcentaxe de menores de 25 anos (25%) segue a ser superior á de maiores de 65 (17%). Esta evolución tradúcese nun constante incremento da taxa de dependencia que en Galiza chega xa ao 58%, a máis alta de todas as comunidades autónomas e 5 puntos por riba da española.

Atendendo á evolución dos salarios, todos os anos a Axencia Tributaria elabora unha estatística sobre os ingresos das e dos asalariados, desempregados e pensionistas do Estado español<sup>7</sup>. Centrarémonos na imaxe que ofrecen os datos de Facenda durante a crise pois amosa como os salarios medios das e dos traballadores en Galiza caeron aos 17.729 euros brutos anuais en 2014, volvendo a niveis de 2008, e que o número de asalariados continúa descendendo. Nos primeiros momentos da crise e até 2010 o salario medio continuou a medrar. Porén, logo das reformas laborais, a primeira en 2010 e unha máis en 2012, os ingresos dos e das traballadoras descende, aínda que non igual para todos senón que é precisamente nos de menores ingresos onde se produciron os maiores descensos. Tamén desde o ano 2010 agudízase a caída no número de asalariadas e asalariados, que continuou até o 2014 no caso de Galiza.

Segundo estes mesmos datos, o 18,4% das e dos asalariados, uns 177.000, en 2014 tiveron uns ingresos inferiores á metade do Salario Mínimo Interprofesional, catro puntos porcentuais máis que en 2009, cando eran o 14,5%. O salario medio deste tramo supón uns 1.883€ anuais. Se a este sumámoslle aqueles cuxos ingresos salariais se situaron entre a metade e o SMI, uns 6.800 euros anuais, temos que o 31% das e dos asalariados acadaron o SMI no ano 2014.

A distancia entre a parte máis baixa e a máis alta da táboa alargouse, e o salario de aqueles que perciben máis de 10 veces o mínimo interprofesional, equivale a 75 dos da parte máis baixa, en 2009 a equivalencia era de 1 a 66. Os datos deste informe revelan que o 61% das e dos asalariados en Galiza non acadan o salario medio.

Por idades, en 2009, os ingresos dun ou dunha menor de 18 anos supoñían o 24% do salario medio; en 2014, apenas o 22%, e ademais este é case tres puntos menos que hai cinco anos. O ingreso descendeu para todos os grupos de idade, mais singularmente entre os menores de 35, os salarios do grupo entre os 18 e os 25 anos, son un 27,8% inferiores, de media, aos de 2009; e os ingresos dos maiores de 56 son catro veces os dos menores de 25 anos. Tamén é entre os menores de 35 anos onde se perderon principalmente os postos de traballo e o 69,3% do emprego que se destruíu neste período afectou ao tramo de idade de entre os 26 e os 35 anos.

Cómpre agora estudarmos a estrutura de ingresos dos fogares galegos con maior profundidade polo que acudiremos ás enquisas de condicións de vida das familias e ás enquisas estruturais a fogares (a partir de 2007) que elabora anualmente o IGE. Trátase da maior enquisa desta natureza cuxo universo é a propia Comunidade Autónoma Galega e recóllese anualmente a información sobre as características estruturais dos

---

<sup>7</sup>Agencia Estatal de la Administración Tributaria. Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias. (2014)

fogares e sobre os seus ingresos e gastos. Poderemos así examinar a estrutura social, as desigualdades, a pobreza e as diferentes fontes de renda para as relacionar coas diferentes características dos fogares e dos individuos que os compoñen pois, ao adoptaren os individuos acordos de convivencia, é relevante coñecermos non só as rendas percibidas por cada un deles por separado, senón tamén as rendas acumuladas nos fogares aos que pertencen. Esta enquisa permite tamén un contraste entre as diferentes provincias galegas e mesmo comarcas, ademais desde 2008 distingue particularmente as sete cidades galegas.

Para estudar as fontes de ingreso, o IGE distingue basicamente tres tipos: ingresos do traballo (que podemos desagregar en: por conta allea e por conta propia), por prestacións e outras fontes de ingreso. Do mesmo xeito, clasifica os fogares en función de catro posíbeis combinacións de ingresos: por traballo (sexa este por conta propia ou asalariado), por prestación, por ambos e por outros.

Así, observamos que o 35% dos fogares teñen ingresos procedentes exclusivamente do traballo (por conta propia e asalariado), un 28% que teñen ingresos procedentes tanto do traballo como de prestacións e un 35% de fogares cuxa única fonte de ingreso son prestacións. Este dato é destacábel non só por representar unha porcentaxe moi elevada senón por ser equivalente á de fogares cuxos ingresos proceden exclusivamente do traballo. Estas cifras revelan a alta dependencia das transferencias públicas no conxunto dos fogares galegos, agora ben, as diferenzas por provincias son notábeis: só A Coruña e Pontevedra manteñen porcentaxes de fogares cuxa única fonte de ingresos é o traballo por riba de aqueles que perciben só prestacións, mentres Ourense destaca con un 42% de fogares que só perciben prestacións e Lugo con unha porcentaxe moi baixa comparativamente de fogares que perciben os seus ingresos unicamente do traballo, por debaixo do 30%.

Veremos agora cal é a principal fonte de ingresos dos fogares pois o montante dos ingresos normalmente difiren en función de se estes proceden do traballo ou de prestacións. Así, no conxunto de Galiza para o 53% dos fogares a principal fonte de ingresos son as rendas derivadas do traballo e para o 45% son as prestacións, para o restante 2% serían ben as rendas procedentes de alugueiros, seguros..., ou ben outros ingresos como transferencias doutros fogares (Táboa 5). Tamén nisto hai diferenzas substanciais provincia a provincia: en Lugo e Ourense os fogares cuxa principal fonte de ingresos son as prestacións supera aos do traballo mentres que A Coruña e Pontevedra teñen porcentaxes máis similares aos da media do país. Noutro nivel de desagregación, por tamaño dos municipios, observamos como os fogares cuxa princi-

pal fonte de ingresos é o traballo naqueles de máis de 20.000 habitantes rolda o 60% mentres que para municipios de menos de 10.000 esta porcentaxe é do 41% e os que reciben os seus ingresos principalmente por prestacións superan o 57%.

Unha vez analizados os fogares en función das súas fontes de ingreso, agora interézanos coñecer a importancia relativa que cada fonte de ingreso representa no fogar medio galego. Os ingresos por traballo representan en 2014 o 60,3% do total dos ingresos dos fogares, do cal un 50% son por conta allea e un 10% por conta propia. Os ingresos por prestacións significan ao redor dun 37% do total. As diferenzas entre as provincias galegas do interior e as do eixo atlántico volven ser moi significativas, mentres nas primeiras o 40% dos ingresos dos fogares proveñen de prestacións na Coruña e Pontevedra máis do 60% dos ingresos dos fogares proveñen do traballo, basicamente por conta allea, e ao redor do 35% de prestacións. En definitiva, na estrutura actual do ingreso medio por fogar predominan os salarios, principalmente de traballo por conta allea, e as prestacións públicas, esencialmente pensións.

Podemos observar, xa que logo, que o peso destas últimas é crecente e sitúase en porcentaxes realmente elevadas, máis que pola tendencia crecente no seu importe polo número cada vez maior de fogares dependentes das prestacións dos seus maiores. Neste sentido, cómpre destacar que un 32% dos fogares galegos dependen totalmente das prestacións, concretamente en Lugo o 34% e en Ourense máis dun 39%. Este feito alértanos da dimensión do envellecemento da sociedade galega.

O ingreso medio dos fogares galegos sitúase no ano 2014 nos 1.915€, practicamente igual que en 2011 e menor do que o era en 2007. Porén, desde o punto de vista territorial, hai diferencias importantes, por exemplo a Área da Coruña, Santiago e Lugo superan os 2.000€ de ingreso medio por fogar mentres que a Área do Carballiño-O Ribeiro e Ourense sur non chegan a 1.500€. Se no lugar de nos fixar nos ingresos medios dos fogares atendemos aos ingresos medios persoais en Galiza, vemos que os valores sitúanse nun nivel realmente modesto e que non chegan a 750€ mensuais para o último ano da serie, o 2014, e destaca que a provincia de Pontevedra sexa a única que nos últimos anos non acada nin os 700€.

Parece claro que as desigualdades no nivel de ingreso gardan relación coas diferenzas na natureza deses ingresos. Salienta tamén a diferenza que separa uns e outros e como a súa evolución está a reducir o diferencial paulatinamente, por unha parte, polo deterioro da fonte de ingresos por traballo, e pola outra, polo incremento da vinculada coas prestacións. Volveremos sobre isto un pouco máis adiante cando analicemos os determinantes da desigualdade.

Táboa 3

**Ingresos por fogar segundo a fonte principal de ingresos**

(Datos de Galiza. Media de ingresos mensuais en euros)

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Do traballo	2.471	2.476	2.469	2.434	2.294	2.318	2.313	2.309
Por prestacións	1.288	1.331	1.349	1.384	1.417	1.454	1.466	1.477
Total	2.026	2.029	2.010	1.977	1.908	1.906	1.910	1.915

Enquisa Estrutural dos Fogares. IGE. Instituto Galego de Estatística

Nota: non se inclúe «Rendas» nin «Outros ingresos» por falta de tamaño da mostra

Estudaremos os ingresos en función da que é fonte principal do fogar e segundo a tipoloxía de ingresos. Cando comparamos o ingreso dos fogares en función da fonte principal de ingresos, deixando de lado o problema dos fogares que teñen ao mesmo tempo ingresos de diferente natureza (Táboa 3), podemos ver que os fogares que teñen como principal fonte de ingreso o traballo teñen ingresos medios superiores (2.309€) aos que teñen como fonte principal as prestacións (1.477€), así os ingresos destes últimos representan aproximadamente o 60% dos primeiros para o último ano da serie e até 2007 non alcanzaban nin a metade.

Táboa 4

**Ingresos por fogar segundo a tipoloxía dos ingresos**

(Datos de Galiza. Media de ingresos mensuais en euros)

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Do traballo	2.401	2.379	2.406	2.392	2.208	2.209	2.227	2.205
Por prestacións	1.063	1.107	1.150	1.160	1.203	1.231	1.271	1.310
Do traballo e prestacións	2.477	2.488	2.411	2.363	2.322	2.349	2.347	2.349
Total	2.026	2.029	2.010	1.977	1.908	1.906	1.910	1.915

Enquisa Estrutural dos Fogares. IGE. Instituto Galego de Estatística

Nota: non se inclúe «Outros ingresos» por falta de tamaño da mostra

Cando os clasificamos en función da tipoloxía do ingreso (Táboa 4), evidénciase aínda máis claramente a posición desigual de quen percibe exclusivamente prestacións. Os fogares con maiores ingresos medios mensuais son aqueles que teñen como fontes o traballo e as prestacións (2.349€), seguidos moi de preto polos que obteñen os seus ingresos do traballo (2.205€). A dependencia das prestacións en exclusiva tradúcese nuns ingresos medios duns 1.310€ por fogar como media.



Unha forma de visualizar a solvencia dos fogares respecto do patrón de consumo é a valoración subxectiva que os fogares fan da súa dificultade para chegar a final de mes. A Enquisa Estrutural a Fogares mostra que unha parte considerábel dos fogares, o 13% en 2014, atopan moita dificultade para chegar a final de mes, se comparamos con anos anteriores non se pode apreciar unha tendencia clara mais se acudimos á Enquisa Conxuntural a Fogares vemos máis claramente que, desde 2012, aumentou a porcentaxe de fogares que declaran atoparse nesta situación. Conxuntamente, obsérvase tamén que nos últimos anos subiu a porcentaxe dos fogares que chegan con dificultade a fin de mes e diminuíu a dos que chegan con facilidade.

Chama a atención que a solvencia económica é maior nas provincias con menor nivel de renda sendo as provincias de Ourense e Lugo as que presentan unhas menores porcentaxes de fogares que chegan con dificultade ao final do mes. Ao tratarse dunha valoración que non deixa de ser subxectiva fai pensar se existen outros factores que están presentes na valoración dos fogares como a propia cultura de consumo, a existencia de autoconsumo ou a diferente magnitude dos gastos aos que deben facer fronte (vivenda, transporte, etc.), fenómenos que todos eles poden presentar diferenzas entre a sociedade rural e a urbana e entre os diferentes tramos de idade. Por outra parte, cando tomamos os datos da ECPF do INE para todas as Comunidades Autónomas, encontramos que o grao de dificultade para chegar a fin de mes é algo maior en Galiza que na media do Estado e moi superior que outras Comunidades con rendas máis altas. Neste caso, si se observa en xeral unha relación directa entre o nivel medio de renda e a solvencia económica.

Se clasificamos os fogares en función da fonte principal de ingresos observamos como desde o inicio da crise os fogares cuxa fonte principal de ingresos é o traballo diminuíron significativamente en favor dos fogares cuxa principal fonte de ingresos son as prestacións mais alén de que a variación sexa importante, que o é, case nove puntos, chama a atención que a diferenza sexa tan pequena entre os fogares que viven principalmente de ingresos do traballo e a dos que viven das prestacións, apenas oito puntos en 2014 (Figura 7).

Máis unha vez, se observamos a distribución dos fogares en función da súa fonte principal de ingresos por provincias, observamos que as provincias atlánticas manteñen unha distancia entre os fogares con ingresos que proveñen principalmente do traballo e aqueles que proveñen de prestacións superiores á media galega e entre as do interior desta que Ourense ten hoxe máis fogares dependentes de prestacións que de ingresos por traballo.

Táboa 5

## Fogares segundo fonte principal de ingresos

(Datos de Galiza en porcentaxes)

Anos	Ingresos por traballo	Ingresos por prestacións	Outro tipo de ingresos
2002	58,93	39,51	1,56
2003	58,67	39,32	2,01
2004	58,98	39,28	1,74
2005	59,61	38,68	1,72
2006	61,05	37,42	1,53
2007	61,70	37,05	1,24
2008	60,08	38,54	1,38
2009	58,52	39,86	1,62
2010	56,36	41,62	2,02
2011	55,86	42,24	1,90
2012	53,07	45,15	1,78
2013	52,74	45,41	1,85
2014	53,04	44,86	2,11


IGE (Instituto Galego de Estatística). Enquisa estrutural a fogares

Nota: «Outro tipo de ingresos» inclúe «Rendas» e «Outros ingresos»

Figura 7

## Evolución do peso dos fogares con ingresos principais por traballo

(Diferencia entre a porcentaxe de fogares galegos con ingresos principais por traballo e por prestacións)



Elaboración propia con datos do IGE. Enquisa estrutural a fogares

Táboa 6

## Fogares segundo fonte principal de ingresos

(Datos provinciais en porcentaxes)

	Anos	Ingresos por traballo	Ingresos por prestacións	Outro tipo de ingresos
A Coruña	2007	63,68	35,24	1,07
	2008	62,13	36,49	1,38
	2009	61,17	37,24	1,59
	2010	58,40	39,69	1,91
	2011	57,46	40,30	2,24
	2012	55,10	43,13	1,77
	2013	55,81	42,33	1,87
	2014	55,11	42,62	2,27
Lugo	2007	56,49	42,22	1,29
	2008	53,67	44,44	1,89
	2009	51,42	46,62	1,95
	2010	50,49	47,01	2,50
	2011	50,44	47,46	2,10
	2012	45,99	51,73	2,28
	2013	46,97	50,57	2,46
	2014	50,21	48,53	1,26
Ourense	2007	51,30	47,68	1,02
	2008	49,91	48,93	1,16
	2009	48,42	50,22	1,36
	2010	48,91	49,36	1,73
	2011	49,80	48,41	1,79
	2012	47,68	50,46	1,86
	2013	45,73	52,67	1,60
	2014	45,06	53,17	1,77
Pontevedra	2007	65,64	32,83	1,53
	2008	64,25	34,49	1,26
	2009	62,13	36,25	1,62
	2010	59,11	38,80	2,09
	2011	58,33	40,23	1,44
	2012	55,22	43,20	1,58
	2013	53,73	44,57	1,70
	2014	54,48	43,18	2,34


IGE (Instituto Galego de Estatística). Enquisa estrutural a fogares

Nota: «Outro tipo de ingresos» inclúe «Rendas» e «Outros ingresos»

Figura 8

## Variación de ingresos medios mensuais por fogar

(Porcentaxe de variación dos ingresos medios mensuais por fogar entre 2007 e 2014. Datos por áreas comarcais)



Elaboración propia con datos do IGE. Enquisa estrutural a fogares

Nunha análise rápida da evolución dos ingresos por áreas, observamos como estes diminuíron en xeral en todas as áreas agás na Coruña suroriental, Ourense central e Lugo central; diminuíron por riba da media galega (-5,5%) nas áreas da Coruña, Santiago, Lugo sur, A Mariña, Caldas-O Salnés, O Morrazo e nas áreas de Pontevedra e Vigo. Destaca que as catro últimas pertencen á provincia de Pontevedra da que re-

saltabamos anteriormente que o ingresos medio persoal ficou neste período por baixo dos 700€, o que confirma un maior deterioro dos ingresos tanto persoais como do fogar no conxunto da provincia.

Para profundar na análise da desigualdade en Galiza, procederemos, en primeiro lugar, ao estudo das curvas de Lorenz pois é unha das formas máis populares de examinar graficamente a desigualdade e é o criterio que suscita maior consenso á hora de determinar se as mudanzas que se produciron nunha distribución conduciron a unha maior ou menor desigualdade. A curva de Lorenz dunha distribución de rendas constrúese ordenando as porcentaxes de poboación, das máis pobres ás máis ricas sobre o eixo horizontal e as porcentaxes acumuladas de renda correspondentes coas estas porcentaxes de poboación sobre o eixo vertical. Indícanos así a proporción de renda, respecto do total, que posúe cada porcentaxe de poboación acumulada. As ordenadas para un vector de rendas  $x$  veñen definidas do seguinte xeito:

$$L_x(p) = L_x(l/n) = \frac{\sum_{i=1}^l x_i}{\sum_{i=1}^n x_i} = \frac{\sum_{i=1}^l x_i}{n \mu_x}$$

onde  $x_1 \leq x_2 \leq \dots \leq x_n$ ,  $\mu_x$  a media da distribución  $x$ ,  $l$  menor ou igual que  $n$ , e representando  $n$  o tamaño da poboación.

Así, conforme ao criterio de Lorenz, dadas dúas distribucións  $x$  e  $y$ , a distribución  $x$  domina á outra sempre que a curva asociada a  $x$  non se sitúe por debaixo da asociada a  $y$  en ningún dos puntos onde se estimaron. É dicir, concluiremos que unha distribución amosa máis desigualdade que outra se a súa curva de Lorenz atópase dominada por esta, ou sexa, por debaixo, e polo tanto, máis lonxe da curva de máxima igualdade.

A partir dos ficheiros de microdatos da Enquisa estrutural a fogares de 2007 e da de 2015 estimamos as Curvas de Lorenz e para podermos comparar os resultados cos cálculos que os profesores Gradín e Del Río fixeron para o seu estudo (2001) empregaremos só os ingresos monetarios restrinxidos e axustados coa escala OCDE<sup>8</sup>.

Do estudo das curvas de Lorenz para o conxunto do período observamos, por unha banda, unha dominancia clara da curva de 1991 sobre a de 1981, isto é, unha redución das desigualdades durante os anos oitenta e, por outra, que posto que ao longo da curva de 1999 e 1991 presentan cortes entre elas non podemos afirmar en base

<sup>8</sup>A escala de equivalencia da OCDE modificada ten a seguinte expresión:  $1+0,5 \cdot (a-1)+0,3 \cdot (b)$  onde:  $a$  é o número de persoas de 14 ou máis anos do fogar e  $b$  é o número de persoas menores de 14 anos do fogar.

ao criterio de dominancia de Lorenz que mellorase a distribución da renda nos noventa, feito que xa se afirmaba no estudo de Gradín e Del Río (2001).


Aínda que cunha diferenza menos significativa que nos oitenta, a curva de 2007 si presenta dominancia sobre a de 1999. E polo tanto, entre 1999 e 2007, si podemos afirmar conforme ao criterio de Lorenz que no primeiro tramo da década dos dous mil, antes da crise, mellorou un pouco a distribución da renda mentres que entre o 2007 e o 2015 non.

Se comparamos as curvas de 2015 e 1999 vemos que tampouco existe dominancia en sentido estrito o que implica que non podemos afirmar que, conforme a este criterio, a desigualdade entre 1999 e 2015 se reducise. Porén, a curva de 2015 si fica por riba, en todos os tramos, da do 1991 polo que entre 1991 e 2015 tamén se tería reducido a desigualdade. En calquera caso destaca que ningunha das curvas das décadas posteriores aos oitenta reflicten unha dominancia tan significativa como a que reflicte entre 1981 e 1991.

Figura 9

## Curvas de Lorenz relativas para Galiza

(Ingreso axustado OCDE)



Elaboración propia a partir dos datos da EPF 80-81, da EPF 90-91, da ECVF 1999 obtidos do Gradín (2001) e dos microdatos da EEF do 2007 e do 2015

Estudaremos agora a evolución do índice de Gini (G) que é un dos índices máis empregados no contexto da literatura sobre desigualdade e toma o seu nome dos traballos de Corrado Gini a principios do século XX. Existen múltiples formas para a obtención deste índice mais probabelmente a máis intuitiva sexa a partir da curva de Lorenz. Así, o Índice de Gini é o cociente entre a área que forman a liña de igualdade e a curva de Lorenz, área  $A$ , e a rexión triangular baixo a liña de igualdade,  $A+B$ , sendo  $B$  a área que fica por baixo da curva de Lorenz. Isto é:

$$G = \frac{A}{A+B} = 2A = 1 - 2B$$

Desta forma, a área total baixo a curva de Lorenz,  $B$  é:

$$B = \frac{1}{2} \sum_{i=1}^n (p_i - p_{i-1})(L_i + L_{i-1})$$

onde  $p_0=L_0=0$  entón o Índice de Gini podemos escribilo como:


$$G = 1 - \sum_{i=1}^n (p_i - p_{i-1})(L_i + L_{i-1}) = 1 - \frac{1}{n} \sum_{i=1}^n (L_i + L_{i-1})$$

xa que  $p_i=i/n$  e polo tanto  $p_i-p_{i-1}=1/n$ . O valor de  $G$  está acoutado entre o 0 e o 1. Se é igual a 0 indícanos que a distribución é perfectamente igualitaria mentres que se é igual a 1 a desigualdade sería máxima.

Figura 10

## Índice de Gini para Galiza

(Ingreso monetario axustado OCDE)



Elaboración propia a partir dos datos da EPF 80-81, da EPF 90-91, da ECVF 1999 obtidos do Gradín (2001) e dos microdatos da EEF do 2007 e do 2015

Calculamos o índice de Gini (Figura 10) e a súa evolución permítenos visualizar que as mudanzas máis intensas prodúcense na década dos oitenta, e con excepción desta década o índice varía moi pouco, aínda que se aprecia unha tendencia á alza desde 2007. Se observamos en función das diferentes fontes de ingresos vemos que onde se producen menores desigualdades é nos fogares cuxos ingresos proveñen de prestacións mentres que os que proveñen do traballo axústanse máis á media.


Na mesma liña, se observamos na Figura 11, a distribución da renda S80/S20, un indicador moi empregado polos diferentes institutos de estatística que mide cantas veces é maior o ingreso do quintil máis rico da poboación que o do quintil máis pobre, vemos unha tendencia similar. A maior diminución da desigualdade prodúcese na década dos oitenta e a partir de aí varía pouco, aínda que si se aprecia unha distribución mellor no período de maior crecemento en Galiza e un empeoramento durante a Gran Recesión.

Figura 11

## Distribución da renda en Galiza. S80/S20

(Ingreso axustado OCDE)

Distribución da renda S80/S20 (Cociente entre o total do ingreso equivalente do quintil máis rico da poboación e o total do ingreso equivalente do quintil máis pobre)



Elaboración propia a partir dos datos da EPF 80-81, da EPF 90-91, da ECVF 1999 e da EEF do 2007 e 2015

Da análise deste conxunto de indicadores salienta o feito de que as mudanzas máis intensas nos niveis de desigualdade producíronse na década dos oitenta. Esta tendencia coincide coa que a maioría dos estudos revelan sobre a evolución da distribución da renda no conxunto do Estado nas décadas dos setenta e os oitenta aínda



que no Estado o comportamento é mellor durante os setenta e en Galiza é mellor durante os oitenta, como afirman Gradín e Del Río (2001).

Neste punto, cómpre contextualizar a mellora na distribución da renda en España entre os anos setenta e oitenta que fixo que fuxise da tendencia a unha desigualdade crecente que dominaba a escena a nivel internacional nos países da OCDE, nomeadamente no Reino Unido e nos EEUU. Este período é moi convulso en termos políticos e sociais no Estado: morte de Franco, reforma política, aprobación da constitución e os estatutos de autonomía, negociacións para entrar na CEE etc., mais tamén en termos económicos coas dúas crises do petróleo, coas implicacións que tivo para a economía española xa que dúas terceiras partes do consumo enerxético español dependían das importación de cru nos anos setenta, coa aparición do paro e coas primeiras mobilizacións obreiras que conseguen incrementos salariais significativos. Este conxunto de circunstancias explican, cando menos en parte, que se pretendese evitar a asociación da chegada da democracia cun empeoramento das condicións de vida de xeito que se aprazaron e limitaron algunhas das medidas encamiñadas a corrixir os problemas de estancamento económico, déficit exterior, endebedamento e inflación que podían resultar impopulares e polo tanto contraproducentes en termos políticos nese momento.

Xa falamos anteriormente de que a transformación do sector agrario, a crise industrial e políticas de reconversión, tiveron importantes repercusións en termos de PIB e emprego. Mais malia isto, o comportamento singular de Galiza nos anos oitenta podería explicarse dunha banda, pola importancia que adquiriu o sector público polos empregos xerados pola Administración, o desenvolvemento da Autonomía e o conxunto de servizos públicos, cos conseguintes ingresos salariais e, doutra banda, pola extensión das prestacións por desemprego, derivada da crecente preocupación polo paro así como pola ampliación das pagas a unha proporción cada vez maior de xubilados e pensionistas. Nesta mesma liña, o estudo de Gradín e Del Río (2001) afirma que nos oitenta redúcense as diferenzas de renda entre parados e inactivos fronte aos ocupados feito que xa non sucede nos anos noventa.

A partir da década dos noventa, parecen terse consumido as melloras que se produciran na década dos oitenta e apréciase unha certa estabilidade nos indicadores de desigualdade, principalmente no índice de Gini. Este comportamento, máis ou menos estábel, rómpese co inicio da crise e obsérvase un sensíbel cambio de tendencia cara ao empeoramento da distribución da renda durante a Gran Recesión.

### 3. Determinantes da desigualdade

A evolución da desigualdade en Galiza, como afirman Gradín e Del Río (2001), non ten por que ter sido homoxénea desde o punto de vista territorial nin desde o dos diferentes colectivos que compoñen a sociedade galega e que comparten algún atributo común. Poñamos por caso que algún deses atributos que comparten é o determinante fundamental dos seus ingresos, por exemplo o nivel de formación dos individuos. Un determinado nivel de desigualdade na distribución dos ingresos pode ser resultado dun distanciamento nos niveis de ingresos medios correspondentes aos distintos niveis educativos, así, observaríamos un nivel elevado de desigualdade entre os grupos con diferentes niveis de formación e poderíamos identificar a cualificación como o elemento responsábel da mesma. Sen embargo, se as diferencias de nivel educativo non fosen relevantes na evolución da desigualdade, encontraríamos que a desigualdade entre grupos sería mínima e a maior parte da desigualdade global viría determinada por outros elementos. Este mesmo razoamento non é só válido para explicar o nivel de desigualdade senón tamén a súa evolución temporal, sendo ampliábel a outros atributos relevantes.

Xa que estudamos a distribución da renda do fogar, centrarémonos nas características do fogar e, no seu caso, do sustentador principal. De acordo coas enquisas estruturais de fogares, un sustentador principal é o individuo que contribúe en maior medida ao orzamento do fogar de xeito regular, aínda que como se deixa a elección do fogar entrevistado indicar quen é, non é estraño que non se corresponda sempre con quen máis ingresos regulares achega. Na ECVF (1999) emprégase a noción de “persoa de referencia”, que é bastante asimilábel.

Para analizar a evolución desde os anos oitenta empregaremos o ingreso monetario restrinxido, axustado coa escala de equivalencia OCDE modificada, e empregaremos unha serie de variábeis para as que dispomos de información e que potencialmente poden axudarnos a explicar a desigualdade. Estas igual que no estudo de Gradín e Del Río (2001), dividíremolas entre variábeis socioeconómicas, variábeis sociodemográficas e variábeis xeográficas.

Á hora de escoller estas variábeis e as súas categorías, ademais de ter en consideración a súa homoxeneidade e posíbel relevancia a hora de explicar o nivel de variación nos niveis de desigualdade, é necesario dispor de información relevante así como dispor de mostras minimamente significativas polo que nalgunha ocasión será necesario realizarmos agrupacións e renunciar a estudar algún grupo de interese para o que temos mostras demasiado pequenas ou carecemos dos datos.

Como os datos dispoñíbeis nas enquisas estruturais a fogares son limitados, entre as características socioeconómicas contempladas que podemos estudar temos: o número de perceptores de renda regular que hai no fogar e o nivel de formación do sustentador ou sustentadora principal. A respecto da primeira, agruparemos segundo haxa até un perceptor, dous perceptores e tres ou máis. E a respecto do nivel de formación, escolleremos o máximo nivel alcanzado polo sustentador principal diferenciando catro grupos: no primeiro grupo inclúense os estudos primarios até a EXB ou equivalente, sen que chegasen a completala; e os outros tres corresponden aos que completaron a EXB ou primeiro tramo da educación secundaria, os que teñen estudos secundarios completos e por último os que alcanzaron estudos superiores.


Entre as variábeis xeográficas consideradas temos o tamaño do municipio onde reside o fogar, que dividiremos en tres grupos: municipios pequenos (de menos de 10.000 habitantes), municipios medianos (de 10.001 a 50.000) e grandes (de máis de 50.000) agás para o caso da enquisa de 2007 que clasifica os municipios pequenos como os de menos de 20.000 habitantes. Contemplaremos tamén esta división para a enquisa de 2015 para vermos como evoluciona.

Por último, entre as variábeis sociodemográficas que recollen as enquisas estruturais distinguiremos en función do sexo do sustentador ou sustentadora principal principal e a súa idade que agruparemos en: non máis de 30 anos, entre 31 e 44, entre 45 e 64 e aqueles de 65 ou máis idade.

Figura 12

## Renda relativa segundo persoas perceptoras de ingresos

(Media de Galiza= 100)



Elaboración propia a partir dos datos da EPF 80-81, da EPF 90-91, da ECVF 1999 obtidos do Gradín (2001) e dos microdatos da EEF do 2007 e do 2015

Comezaremos analizando o número de persoas perceptoras de renda regular no fogar e observamos profundos cambios tanto nas rendas relativas dos diferentes grupos (Figura 12) como na súa estrutura poboacional (Figura 13).


Observando os fogares que dependen dun único perceptor de rendas vemos como o seu peso diminuíu fortemente na década dos oitenta, pasando dun 45,7% a un 30%, e posteriormente non deixou de medrar até situarse no 38,25% que reflicte a última enquisa. Sen embargo, a renda relativa correspondente a este grupo mantivo unha tendencia á baixa ao longo do período agás nos últimos anos que medrou un pouco, no conxunto do período pasa dun 86% da renda media dos fogares galegos a algo menos dun 61%. Se atendemos aos fogares con dous perceptores de renda vemos como a súa renda relativa mantívose ao longo do período por riba da media galega chegando hoxe ao 114% e que foron gañando relevancia no conxunto dos fogares, pasan de representar o 35,9% en 1981 ao 46% na actualidade. A renda relativa do último dos grupos, fogares que contan con tres ou máis perceptores, foi a que máis medrou, especialmente nos dous mil que chega case ao 152% da media, da evolución da súa dimensión destaca que non deixou de diminuír desde a década dos noventa, en 1991 practicamente atinxira o 33% e ao final do período representa un 15,7%, catro puntos menos que en 1981.

Da análise desta variábel resulta especialmente preocupante o empobrecemento dos fogares que dependen dun único receptor regular de ingresos, mentres os demais grupos amosan unha tendencia crecente nas súas rendas relativas, este perde máis de 25 puntos en relación coa media global dos fogares galegos.

Figura 13

## Fogares segundo persoas receptoras de ingresos

(Porcentaxe)



Elaboración propia a partir dos datos da EPF 80-81, da EPF 90-91, da ECVF 1999 obtidos do Gradín (2001) e dos microdatos da EEF do 2007 e do 2015

Outra das variábeis socioeconómicas que analizamos é o nivel de formación da sustentadora ou sustentador principal do fogar que revela a importante mudanza na estrutura educativa da sociedade galega. Como se reflicte na Táboa 7 constátase unha continua caída na proporción de fogares cuxo sustentador principal só ten estudos primarios ou non chegou a finalizar a EXG, desde o 87% que representaban en 1981 a menos dun 20% segundo a última enquisa, se ben obsérvase un preocupante incremento nos últimos anos (pasa dun 15,45 a un 19,85). Pola contra, obsérvase un notábel aumento da dimensión dos demais grupos, os que chegan a completar a primeira etapa da educación secundaria, EXG ou equivalente ao longo do período incrementan o seu peso dun 4,7% en 1981 até un 36,62%. Os que completan a secundaria, ou a educación postobligatoria non superior, chegan case ao 15% cando ao principio do período non chegaban ao 3%. Mención aparte merece o crecemento dos fogares cuxo sustentador principal acadou estudos superiores pois é o único grupo que medra en todas as décadas chegando nos últimos anos a un 28,55%.

Alén dos cambios demográficos que se constatan coas mudanzas na estrutura por niveis educativos vemos que as súas rendas relativas tamén amosan evolucións significativas. Así, o primeiro que nos chama a atención é que para todos os grupos a súa renda relativa diminuíu no conxunto do período e, malia seguir amosando unha correlación positiva entre o nivel de formación e renda, as diferenzas entre os grupos foron diminuindo: mentres en 1981 a renda dos fogares cuxo sustentador principal tiña estudos superiores supoñía máis de dúas veces e media a dun fogar do primeiro grupo, hoxe esta proporción é do 1,7. En definitiva, conforme se incrementa gradualmente o nivel de formación do sustentador ou sustentadora principal do fogar diminúe a desigualdade en termos de renda entre os niveis educativos. En calquera caso, cómpre destacar a importancia que aínda teñen os dous primeiros niveis de formación no conxunto dos fogares, un 19,85% no caso do primeiro e un 36,62% no segundo, e que as súas rendas relativas sitúanse a moita distancia da renda media dos fogares, a 22 e a 15 puntos respectivamente.

A respecto da variábel xeográfica observamos que os municipios de menos de 10.000 habitantes son os que máis peso perden pasando dun 46,2% a un 31,35 e os medianos avanzan dun 23 a un 31,63% e, a pesar de que nos oitenta o peso dos municipios máis grandes diminuíu, a súa dimensión foi medrando nas décadas posteriores até situarse nun 37% ao final do período. As diferencias en termos de renda tamén tenderon a reducirse ao longo do período pois onde a diferenza entre a renda relativa dos municipios pequenos e os de máis de 50.000 habitantes situábase en máis de 56 puntos ao inicio do período hoxe non chega a 24, perdendo así o tamaño do municipio no que habitan os fogares importancia na explicación da desigualdade.

Analizamos agora os fogares en función do sexo do sustentador ou sustentadora principal e apreciamos un significativo proceso de feminización desta figura. Ao longo do período, e tamén década a década, obsérvase como aumenta a proporción de fogares que dependen dunha muller, o salto máis significativo prodúcese nos dous mil que pasa de representar o 17,10% a un 32,26% e xa nos últimos anos chega aos 37,59%, no conxunto do período a súa dimensión incrementouse en 27 puntos desde 1981. Porén, a renda relativa variou moi pouco e hoxe o ingreso dun fogar encabezado por un home é 7 puntos maior que se o encabeza unha muller, a maior diferenza observámola a finais da década dos noventa onde a renda relativa era o 90,4%, se a cabeza de familia era muller, e se era home un 102%. En calquera caso hoxe a distancia é dous puntos maior que en 1981.

Táboa 7

**Distribución dos fogares por características**

(Datos para Galiza. Porcentaxe sobre fogares totais)

	1981	1991	1999	2007	2015
<b>Número de perceptores (do fogar)</b>					
Un / ningún	45,70 %	30,00 %	31,30 %	33,19 %	38,25 %
Dous	34,90 %	37,10 %	38,40 %	44,94 %	46,01 %
Tres	19,40 %	32,90 %	30,30 %	21,88 %	15,74 %
<b>Nivel educativo (do sustentador ou sustentadora principal)</b>					
Primarios	87,00 %	69,30 %	59,60 %	15,45 %	15,93 %
ESO / EXB	4,70 %	13,20 %	16,50 %	48,26 %	37,71 %
ESO / BUP / BAC	2,60 %	10,60 %	14,70 %	12,13 %	16,17 %
Superior	5,80 %	6,80 %	9,20 %	24,17 %	30,19 %
<b>Tamaño de municipio (fogares)</b>					
<10.000	46,20 %	35,60 %	32,70 %	-	31,35 %
10.000-50.000	23,00 %	31,10 %	32,20 %	-	31,63 %
>50.000	38,80 %	33,30 %	35,10 %	-	37,02 %
<b>Sexo (do sustentador ou sustentadora principal)</b>					
Home	89,40 %	84,60 %	82,90 %	67,74 %	62,41 %
Muller	10,60 %	15,40 %	17,10 %	32,26 %	37,59 %
<b>Idade (do sustentador ou sustentadora principal)</b>					
<30	6,30 %	5,10 %	3,00 %	8,36 %	4,16 %
30-44	33,40 %	30,80 %	26,80 %	29,75 %	26,87 %
45-64	43,70 %	44,50 %	42,90 %	33,15 %	35,01 %
>65	16,60 %	19,60 %	27,20 %	28,74 %	33,96 %

\* Na enquisa de 2007 non temos datos para municipios de menos de 10.000 habitantes

Elaboración propia a partir dos datos da EPF 80-81, da EPF 90-91, da ECVF 1999 obtidos do Gradín (2001) e dos microdatos da EEF do 2007 e do 2015.

A partir da década dos oitenta observamos alteracións moi significativas na composición dos fogares como consecuencia do noso devalo demográfico, redución da di-

menção dos fogares e envellecemento da poboación. Nas Táboa 7 e e 8 recóllense, ademais das variábeis que analizamos anteriormente, a evolución da dimensión e a renda relativa dos fogares en función da idade do sustentador ou sustentadora familiar. A dimensión do avellentamento da sociedade galega fica patente cando observamos que todos os grupos diminúen o seu peso ao longo do período agás o que ten como sustentador principal a unha persoa de 65 ou máis anos que duplica o seu peso pasando dun 16,6% a case un 34%. O grupo de fogares que mantén unha maior dimensión é o dos que dependen de sustentadores entre os 45 e os 65 anos, porén a súa dimensión esmoreceu desde o 43,7% de 1981 ao 35% que reflicte a última enquisa, ficando só a un punto dos de maior idade.

Cómpre resaltar que ao comezo dos dous mil os fogares con sustentadores principais máis novos medraron sensibelmente, o grupo dos menores de 30 pasou de representar o 3% na década anterior a máis de un 8% e o grupo dos que se sitúan entre os 30 e os 44 anos dun 26,8% a un 28,75%. Este incremento desaparece practicamente por completo na última enquisa, por unha banda pola diminución xeral da poboación máis nova e por outra por un incremento na porcentaxe de mozos que viven cos pais.

Canto á posición económica, os fogares claramente máis empobrecidos son aqueles que dependen dun sustentador principal menor de 30 anos, desde 1981 perde máis de 20 puntos en relación coa renda media dos fogares galegos (dun 106,8% a un 85,68%) e pasan de ser os fogares máis ricos en 1981 aos máis pobres segundo a enquisa de 2015. Os fogares cuxo sustentador principal se sitúa nas idades intermedias melloran algo a súa situación e permanecen ao longo do período por riba da renda media mentres que posición económica relativa dos fogares que dependen dos maiores de 65 anos flutuou máis, baixando moito durante os primeiros dous mil e recuperándose con forza nos últimos anos ficando hoxe no 92,9% da media galega.

En resumo, a partir da análise das variábeis socioeconómicas, sociodemográficas e xeográficas, podemos achegar algunha pistas en canto ás causas das variacións da desigualdade. Así, vemos que a compoñente xeográfica conxuntamente con outras como a educación ou a situación profesional do sustentador principal que apuntan Gradín e Del Rio (2001) son as que máis contribuíron na década dos oitenta á redución da desigualdade. Neste sentido, a variábel xeográfica xa non contribúe de xeito tan relevante nas seguintes décadas á explicación da desigualdade mentres que a educación segue a ser un elemento determinante tanto na súa contribución positiva cando se reduce como na negativa cando se amplía. A variábel que máis destaca no lado da contribución negativa é a que ten que ver co número de perceptores de renda



no fogar e nos últimos anos cómpre resaltar tamén a idade do sustentador ou sustentadora principal do fogar.

Táboa 8

## Distribución do ingreso dos fogares por características

(Ingreso monetario restrinxido, media galega=100)

	1981	1991	1999	2007	2015
<b>Número de perceptores (do fogar)</b>					
Un / ningún	86,20 %	74,80 %	68,80 %	54,24 %	60,84 %
Dous	106,70 %	107,00 %	107,90 %	108,59 %	114,57 %
Tres	120,00 %	114,60 %	122,20 %	151,88 %	152,43 %
<b>Nivel educativo (do sustentador ou sustentadora principal)</b>					
Primarios	88,00 %	89,50 %	86,30 %	66,58 %	77,62 %
ESO / EXB	127,60 %	98,50 %	89,30 %	86,94 %	85,46 %
ESO / BUP / BAC	165,20 %	117,80 %	115,00 %	108,54 %	101,47 %
Superior	229,10 %	181,20 %	183,80 %	143,15 %	133,45 %
<b>Tamaño de municipio (fogares)</b>					
<10.000	79,00 %	88,30 %	87,20 %	-	88,33 %
10.000-50.000	94,60 %	92,90 %	95,60 %	-	97,65 %
>50.000	135,60 %	119,20 %	116,00 %	-	111,89 %
*<20.000				87,13 %	90,41 %
*20.000-50.000				100,67 %	101,13 %
>50.000				117,53 %	111,89 %
<b>Sexo (do sustentador ou sustentadora principal)</b>					
Home	100,50 %	100,80 %	102,00 %	101,78 %	102,59 %
Muller	95,70 %	95,40 %	90,40 %	96,26 %	95,62 %
<b>Idade (do sustentador ou sustentadora principal)</b>					
<30	106,80 %	101,10 %	101,60 %	102,49 %	85,68 %
30-44	102,70 %	101,80 %	101,20 %	109,37 %	104,14 %
45-64	103,10 %	102,90 %	106,00 %	111,01 %	105,41 %
>65	83,70 %	90,30 %	89,20 %	76,88 %	92,90 %

\* Na enquisa de 2007 non temos datos para municipios de menos de 10.000 habitantes

Elaboración propia a partir dos datos da EPF 80-81, da EPF 90-91, da ECVF 1999 obtidos do Gradín (2001) e dos microdatos da EEF do 2007 e do 2015.

Unha vez analizado o conxunto de variábeis das enquisas estruturais interesámonos polo que ocorre nos últimos anos cos ingresos dos fogares compostos por menores de 35 anos (Táboa 9) e dos compostos por maiores de 65 (Táboa 10).

Táboa 9

## Ingresos dos fogares compostos por menores de 35 anos

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
<b>Até 1.000,00 € / mes</b>							
Incidencia	6,34	6,62	8,25	8,85	9,94	8,54	8,87
Porcentaxe	14,96	16,08	19,81	22,79	25,38	26,14	31,58
Número	14.823	15.368	19.048	21.666	25.375	22.178	23.734
<b>De 1.000,01 a 1.500,00 € / mes</b>							
Incidencia	11,25	8,15	8,06	11,49	11,31	8,58	7,91
Porcentaxe	21,06	16,04	17,43	26,06	25,02	20,64	22,09
Número	20.872	15.329	16.763	24.766	25.017	17.513	16.605
<b>De 1.500,01 a 2.000,00 € / mes</b>							
Incidencia	12,35	13,20	12,44	9,57	10,59	9,74	7,03
Porcentaxe	20,13	23,13	22,05	17,50	19,62	20,75	16,77
Número	19.950	22.103	21.203	16.630	19.619	17.600	12.607
<b>De 2.000,01 a 2.500,00 € / mes</b>							
Incidencia	14,08	14,85	13,66	10,45	9,61	9,75	8,29
Porcentaxe	20,31	23,20	21,35	15,66	13,90	16,34	16,16
Número	20.128	22.169	20.537	14.889	13.894	13.860	12.144
<b>Máis de 2.500,00 € / mes</b>							
Incidencia	8,35	7,29	6,71	6,15	6,36	5,41	3,91
Porcentaxe	23,53	21,54	19,36	17,99	16,07	16,13	13,40
Número	23.321	20.581	18.620	17.099	16.066	13.681	10.069
<b>Total</b>							
Incidencia	9,88	9,37	9,27	9,01	9,44	8,16	7,09
Porcentaxe	100	100	100	100	100	100	100
Número	99.094	95.550	96.172	95.050	99.971	84.833	75.158

IGE. Enquisa estrutural a fogares

Nota: Os datos refírense a 31 de decembro. A incidencia calcúlase, para cada intervalo de ingresos, como a porcentaxe dos fogares compostos por menores de 35 anos sobre o total de fogares en cada intervalo de ingresos.

Táboa 10

## Ingresos dos fogares compostos por maiores de 65 anos

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
<b>Até 400,00 € / mes</b>								
Incidencia	32,49	34,04	35,17	26,61	18,93	13,54	12,28	10,92
Porcentaxe	3,38	3,51	3,39	2,46	1,92	1,62	1,36	1,12
Número	6.849	7.401	7.327	5.518	4.226	3.512	3.133	2.618
<b>De 400,01 a 600,00 € / mes</b>								
Incidencia	65,55	58,49	42,80	32,52	26,66	26,32	21,56	20,07
Porcentaxe	19,92	14,31	8,96	6,96	5,60	6,26	4,85	3,90
Número	40.388	30.198	19.351	15.625	12.312	13.561	11.138	9.140
<b>De 600,01 a 1.000,00 € / mes</b>								
Incidencia	49,98	53,38	52,87	54,14	49,61	48,64	49,37	50,39
Porcentaxe	37,24	40,18	40,37	42,50	42,11	40,96	40,89	40,03
Número	75.488	84.817	87.172	95.378	92.654	88.664	93.972	93.895
<b>De 1.000,01 a 1.500,00 € / mes</b>								
Incidencia	28,80	28,93	29,15	29,65	27,95	29,25	27,8	28,67
Porcentaxe	26,36	25,79	28,06	28,48	28,09	27,58	25,40	26,43
Número	53.428	54.439	60.605	63.913	61.815	59.707	58.363	61.995
<b>De 1.500,01 a 2.000,00 € / mes</b>								
Incidencia	10,66	11,20	13,53	13,05	13,84	13,89	16,69	18,39
Porcentaxe	8,49	8,88	10,67	10,11	11,65	11,59	13,03	14,00
Número	17.214	18.748	23.045	22.683	25.643	25.090	29.941	32.832
<b>Máis de 2.000,00 € / mes</b>								
Incidencia	2,21	3,59	4,32	5,06	5,89	6,56	8,23	8,31
Porcentaxe	4,61	7,34	8,55	9,48	10,63	11,98	14,47	14,53
Número	9.339	15.498	18.459	21.277	23.397	25.932	33.254	34.087
<b>Total</b>								
Incidencia	20,21	20,70	20,83	21,28	20,78	20,82	21,66	22,11
Porcentaxe	100	100	100	100	100	100	100	100
Número	202.705	211.101	215.959	224.395	220.047	216.465	229.802	234.568

IGE. Enquisa estrutural a fogares

Nota: Os datos refírense a 31 de decembro. A incidencia calcúlase, para cada intervalo de ingresos, como a porcentaxe dos fogares compostos por maiores de 65 anos sobre o total de fogares en cada intervalo de ingresos.

Nunha ollada rápida á participación de cada un destes dous grupos no conxunto de fogares galegos, vemos que a distancia é moi grande, en 2014 os fogares compostos por maiores de 65 representan un 22,11% do total mentres que os compostos por menores de 35 tan só un 6,56%. Porén, o máis preocupante é a evolución que observamos pois desde 2007 o número de fogares compostos por maiores de 65 medrou en case 32.000 mentres que os fogares compostos por menores de 35 reducíronse en case 30.000. O estudo dos ingresos por tramos permítenos observar máis a fondo como o proceso de envellecemento da sociedade galega pode estar condicionando a evolución das desigualdades e apuntar as súas repercusións no futuro. Os datos do IGE non se clasifican en tramos de ingresos homoxéneos para estes dous grupos, terémolo en conta para non facer comparacións imprecisas.

A respecto dos ingresos dos fogares compostos por menores de 35 anos, en primeiro lugar, observamos a incidencia é dicir, para cada intervalo de ingresos, a porcentaxe dos fogares deste grupo de idade sobre o total de fogares en cada intervalo. Deste xeito, comprobamos como a incidencia do primeiro nivel de ingresos, até 1.000€, é a única que medra e é no que se sitúan máis fogares compostos por menores de 35 anos, un 27,38%. En 2007, un 14,08% dos fogares con ingresos entre 2.000,01 e 2.500€ estaban compostos por menores de 35 anos e a súa incidencia en 2014 reduciuse a menos da metade. É especialmente relevante a evolución do tramo máis alto, máis de 2.500€ ao mes, que hoxe é o tramo no que os fogares máis novos son menos relevantes, e entre 2007 e 2014, pasou de ser o nivel onde un maior número de fogares compostos por menores de 35 se atopaban a ser o segundo no que menos.

Se observamos a evolución dos ingresos dos fogares compostos por maiores de 65 anos, en primeiro lugar observamos que os ingresos por debaixo de 1.000€ están desagregados en tres niveis: até 400€, de 400,01 a 600€ e de 600,01 a 1.000€, o que de por si é significativo, pois amosa na parte baixa dos ingresos uns niveis moi baixos de ingresos. Sen embargo, a súa evolución é moi positiva, a porcentaxe dos que tiñan ingresos inferiores a 1.000€ pasa dun 60% en 2007 a un 45%. Dentro dos tres primeiros tramos o único que incrementa tanto en porcentaxe como en incidencia e o que vai dos 600,01 aos 1.000€, os outros dous diminúen tamén en incidencia e porcentaxe, agora ben, destaca con moito a baixada na incidencia no intervalo entre 400,01 e 600€ pois pasa de representar máis do 65% do total de fogares neste tramo a un 20%, unha redución de 45 puntos que marca o ascenso xeneralizado do nivel de ingresos deste grupo de idade. A incidencia nos tramos centrais permanece máis ou menos estábel

ao redor das cifras de 2007. Porén, nos tramos altos obsérvanse incrementos moi significativos, a incidencia dos fogares compostos por maiores de 65 anos cuxos ingresos van desde os 1.500,01 até os 2.000€ medra 8 puntos e a dos que teñen ingresos superiores a 2.000€ vai do 2,21% en 2007 ao 8,31% en 2014. Da evolución do tramo máis alto, máis de 2.000€ ao mes, destaca que pasou de ser o nivel de ingresos no que se situaban menos fogares deste grupo a ser o terceiro no que máis.

Ademais da incidencia e porcentaxe en cada nivel de ingresos, é moi significativa, nesta análise, a evolución da cantidade de fogares que se sitúan en cada nivel pois mentres os fogares compostos por maiores de 65 anos con rendas até 600€ diminúen en máis de 35.000 con respecto a 2014, o nivel entre 600,01 e 1.000€ gaña máis de 18.000 fogares, o que vai dos 1.000,01 aos 1.500€ suma máis de 8.500, os que se sitúan entre os 1.500,01 e os 2.000€ medran uns 15.500 e, o último dos tramos, os que gañan máis de 2.000€ avanza en máis de 24.700 fogares. Pódese apreciar, xa que logo, como se produciu un incremento significativo dos ingresos dos fogares compostos por maiores de 65 por unha banda, unha mellora das pensións máis baixas tiraría dos fogares nos niveis de ingresos baixos cara arriba, e por outra, que unha parte significativa dos novos xubilados accedan ás pensións desde salarios máis altos que en anos anteriores, correspondéndolles unhas maiores prestacións, explicaría o aumento dos fogares nos tramos máis altos de ingresos.

A radiografía revela, no lado positivo, o incremento no nivel de ingresos dos fogares compostos por maiores, aínda que cómpre puntualizar que partían de niveis de ingresos moi baixos e polo tanto quédalles camiño por mellorar; no negativo, amosa un empobrecemento moi significativo dos fogares máis novos que, de persistir a tendencia, terá consecuencias en canto á sustentabilidade social da nosa economía agravando a dinámica de envellecemento e perda de poboación, e condicionará a nosa capacidade para reducir as desigualdades, xerar crecemento económico e emprego.

## Conclusións

O estudo da desigualdade en Galiza, da súa estrutura social e evolución desde os anos oitenta, así como a análise da posición relativa de Galiza no contexto español e europeo nas últimas décadas, permítenos obter algunhas conclusións interesantes.

En termos relativos, Galiza atópase nunha posición similar á do momento do seu ingreso na CEE, e malia que o PIB galego medrou a un ritmo destacábel, perdeu peso económico no Estado e presenta uns avances en termos de converxencia en PIB *per capita* con España e Europa modestos e debidos, sobre todo, á perda de peso demográfico. Ademais, o crecemento económico galego foi sistematicamente inferior ao español, agás nun número reducido de anos, e transformouse nunha menor xeración de emprego pola incapacidade para aproveitar as fases expansivas derivada da falta de dinamismo no sector industrial e de servizos e nunha destrución de emprego que tende a ser maior nas fases de desaceleración ou de crise. O índice de desenvolvemento humano tamén confirma unha posición de Galiza por debaixo respecto dos seus espazos de referencia aínda que, ao incluír outras variábeis como a educación ou a saúde, a desviación respecto da media europea e española resulta inferior da que temos en termos de produción e riqueza.

Galiza durante este período sufriu importantes transformacións en canto a súa estrutura social pasando de ser unha sociedade principalmente agraria a ter uns niveis de ocupación por sectores moito máis próximos aos dos países desenvolvidos do noso contorno, ao tempo, amosa un significativo declive demográfico e un preocupante proceso de envellecemento da poboación. Ás crises agrarias e industriais e as políticas de reconversión derivadas das condicións nas que o Estado Español se incorpora á CEE influíron significativamente nestas transformacións. Por outra parte, destaca o au-

mento considerábel no nivel de estudos da poboación, incluída a educación universitaria, os empregos xerados a través dos servizos públicos e o conxunto da Administración, así como a extensión das prestacións, singularmente as pensións de xubilación que teñen unha importancia crecente ao longo do período. En canto á estrutura de rendas, as cifras revelan a alta dependencia das transferencias públicas no conxunto dos fogares galegos, tanto como compoñente única como compoñente principal dos ingresos do fogar. Xeograficamente só as provincias atlánticas manteñen porcentaxes de fogares cuxa única fonte de ingresos é o traballo por riba de aqueles que perciben só prestacións.

Do estudo das Curvas de Lorenz, o índice de Gini e o índice S80/S20, salienta o feito de que as mudanzas máis intensas nos niveis de desigualdade producíronse na década dos oitenta. A partir da década dos noventa, a desigualdade amosa certa estabilidade que se rompe co inicio da Gran Recesión observándose un sensíbel cambio de tendencia cara ao empeoramento da distribución da renda. A mellora nos anos oitenta é significativa no conxunto do período e explícase, por unha banda no contexto político e social no Estado que motivou que, malia as crises do petróleo, non se adoptasen medidas económicas impopulares para evitar a asociación da chegada da democracia cun empeoramento das condicións de vida, e por outra na importancia que adquiriu o sector público singularmente pola extensión das prestacións por desemprego e pola ampliación das pagas a unha proporción cada vez maior de xubilados e pensionistas. A estabilidade que se aprecia a partir dos anos noventa parece reflectir un esgotamento nas melloras que se produciran na década anterior. Esta análise é consistente con que nos oitenta se observen melloras relativas dos parados e inactivos fronte ocupados así como a mellor situación dos fogares cuxos sustentadores principais son inactivos.

Canto a análise das características dos fogares que explican as variacións na desigualdade, o número de perceptores de renda regular no fogar e o nivel educativo do sustentador ou sustentadora principal son as que dunha maneira máis clara reflecten a evolución das desigualdades. O nivel educativo ten unha compoñente positiva na diminución das desigualdades, e aínda que hai variacións década a década, no conxunto, tanto na elevación do nivel medio de estudos do sustentador principal como na renda media en cada grupo educativo, esta característica é a que máis claramente contribúe á redución das desigualdades. No lado oposto, estaría o número de perceptores de renda regular no fogar, ao longo do período increméntanse tanto os fogares con máis de un perceptor de rendas como as rendas relativas deses fogares, provocando un au-

mento na desigualdade global. Este fenómeno indica, ademais da incorporación das mulleres ao mercado laboral, a presenza de xubilados nos fogares dos fillos, ou ben mozos e mozas traballadores que conviven cos pais. O tamaño do municipio no que habitan os fogares perdeu importancia na explicación da desigualdade pois as diferenzas en canto a peso e renda relativa tenderon a reducirse ao longo do período. Apreciamos, iso si, un significativo proceso de feminización da figura do sustentador ou sustentadora principal aínda que a súa renda relativa variou pouco e segue a ser menor no caso de ser muller.

Nos últimos anos, cómpre resaltar tamén a idade do sustentador ou sustentadora principal do fogar pois ao incrementárense significativamente os ingresos dos fogares compostos por maiores de 65 anos, a súa dimensión crecente e o seu grao de homoxeneidade interna, permítenos concluír que este fenómeno está a contribuír cada vez máis á redución dos niveis de desigualdade e as súas prestacións a manter relativamente estábeis os indicadores. A evolución dos fogares sustentados por menores de 30 anos é a inversa, por unha banda, reflicte o devalo demográfico e o proceso de avellentamento da sociedade galega e por outra as súas rendas relativas amosan un empobrecemento dos fogares sustentados por menores de 30 anos que pasan de ser os fogares máis ricos nos oitenta aos máis pobres hoxe. Polo tanto, de persistir a tendencia teremos graves consecuencias en canto á sustentabilidade social da nosa economía agravando a dinámica de envellecemento e perda de poboación, e condicionando a nosa capacidade para reducir as desigualdades, xerar crecemento económico e emprego.



## Bibliografía

- Agencia Estatal de la Administración Tributaria (2014). *Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias*. [www.agenciatributaria.es](http://www.agenciatributaria.es)
- Atkinson, A. B. (2003). On the Measurement of Inequality. *Journal of Economic Theory* (2), 244-263.
- Atkinson, A. B. (2003). Income Inequality in OECD Countries: Data and Explanations. *CESifo Economic Studies* 49 (4), 479-513.
- Cancelo, J.R. (dir.) (2006). *La economía de Galicia. Un análisis cuantitativo*. A Coruña: Instituto de Estudios Económicos de Galicia Pedro Barrié de la Maza.
- Cuadrado, J. R. (dir.) (1998). *Convergencia regional en España. Hechos, tendencias y perspectivas*. Madrid: Fundación Argentaria.
- Deaton, A. (2013). *El gran escape: salud riqueza y los orígenes de la desigualdad*. Madrid: Fondo de Cultura Económica.
- De la Dehesa, G. (2001). ¿Consolidará Galicia su convergencia real en el siglo XXI?. *Revista Galega de Economía* 9 (1), 1-19.
- Eurostat (2015). *Eurostat Yearbook 2015*. Luxembourg: Publications Office of the European Union.
- FOESSA (2014). *VII Informe sobre exclusión y desarrollo social en España 2014*. Madrid: Fundación FOESSA.
- Galbraith, J. K. (2004). *Desigualdad y cambio industrial: una perspectiva global*. Madrid: Akal.
- Goerlich, F. J., e Villar, A. (2009). *Desigualdad y bienestar social: de la teoría a la práctica*. Bilbao: Fundación BBVA.

- Gradín, C., e Del Río, C. (2001). *Desigualdad, pobreza y polarización en la distribución de la renta en Galicia*. A Coruña: Instituto de estudios económicos de Galicia Pedro Barrie de la Maza.
- Gradín, C.; Del Río, C., e Cantó, O. (2006). *La Distribución de la renta en Galicia : análisis territorial de la desigualdad y la pobreza*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- Herrero, C.; Soler, A., e Villar, A. (2013). *Desarrollo humano en España: 1980-2011*. Valencia: Ivie. [http://dx.doi.org/10.12842/HDI\\_2012](http://dx.doi.org/10.12842/HDI_2012)
- Martínez García, J. S. (2013). *Estructura social y desigualdad en España*. Madrid: Los libros de la Catarata.
- Meixide, A. (dir.) (2007). *A economía galega: Informe 2006*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- Meixide, A. (dir.) (2008). *A economía galega: Informe 2007*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- Ministerio de Empleo y Seguridad Social (2015). *Anuario de estadísticas del Ministerio de Empleo y Seguridad Social*: [www.empleo.gob.es/](http://www.empleo.gob.es/)
- Piketty, T. (2008). *La economía de las desigualdades: como implementar una redistribución de la riqueza justa y eficaz*. Barcelona: Anagrama.
- Piketty, T. (2013). *El Capital en el siglo XXI*. (1 ed.). Madrid: Fondo de Cultura Económica.
- Piedrafita, S.; Steinberg, F., e Torreblanca J. I. (2003) *20 Años de España en la Unión Europea (1986-2006)*. Madrid: Real Instituto Elcano.
- Prada, A. (1999). *Economía de Galicia*. Vigo: Edicións Xerais.
- Prada, A. e Lago S. (2008). Veinte años de Galicia en la Unión Europea. *Revista Galega de Economía* 17 (extraordinario), 1-16.
- Riobóo, I. e Martín, C. (2011). Género y mercado de trabajo en Galicia: análisis de equidad mediante indicadores sintéticos. *Revista Galega de Economía* 20 (extraordinario), 1-13.
- Ruiz-Castillo, J. (1987). *La medición de la pobreza y la desigualdad en España 1980-1981*. Estudios Económicos, 42. Madrid: Banco de España.
- Sánchez, M. C. (2013). Factores determinantes de la actividad en el mercado laboral gallego. Influencia del género. *Aposta: Revista de ciencias sociales* (57), 1-38.
- Stiglitz, Joseph E. (2012). *El precio de la desigualdad: el 1% de la población tiene lo que el 99% necesita*. Madrid: Taurus.

- Troitiño, A. (2000). A desigualdade relativa na distribución persoal da renda en Galicia. Análise cuantitativa a partir dos datos da EPF 90/91. *Documento de Traballo, Economía Aplicada* (7), 7-37.
- Wade, R. H. (2004). Is Globalization Reducing Poverty and Inequality? *World Development* 32 (4), 567–589.

- *Bases de datos*

Banco Mundial: <http://databank.bancomundial.org/data/databases.aspx>

Eurostat: <http://ec.europa.eu/eurostat>

IGE (Instituto Galego de Estatística): [www.ige.eu](http://www.ige.eu)

INE (Instituto Nacional de Estadística): [www.ine.es](http://www.ine.es)

OCDE (Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento): <http://stats.oecd.org/>

# Anexos

Táboa A-1

## Distribución da renda en Galiza

(Ingreso axustado OCDE)

Decís	1981	1991	1999	2007	2015
1	2,19%	2,81%	3,40%	3,56%	3,06%
2	4,28%	5,10%	4,82%	5,15%	5,17%
3	5,57%	6,10%	6,13%	6,12%	6,31%
4	6,80%	7,24%	7,20%	7,17%	7,24%
5	7,89%	8,22%	8,19%	8,22%	8,30%
6	9,38%	9,32%	9,30%	9,30%	9,41%
7	10,41%	10,67%	10,56%	10,65%	10,77%
8	12,25%	12,18%	11,94%	12,39%	12,52%
9	14,89%	14,98%	14,81%	14,97%	15,12%
10	26,35%	23,39%	23,65%	22,47%	22,12%

Elaboración propia a partir dos datos da EPF 80-81, da EPF 90-91, da ECVF 1999 obtidos do Gradín (2001) e dos microdatos da EEF do 2007 e do 2015

## Táboa A-2

**Distribución da renda en Galiza: Lorenz**

(Ingreso axustado OCDE)

Decís	Igualdade	1981	1991	1999	2007	2015
1	10,00%	2,19%	2,81%	3,40%	3,56%	3,06%
2	20,00%	6,47%	7,91%	8,22%	8,71%	8,23%
3	30,00%	12,04%	14,01%	14,35%	14,83%	14,54%
4	40,00%	18,84%	21,25%	21,55%	22,00%	21,78%
5	50,00%	26,73%	29,47%	29,74%	30,22%	30,07%
6	60,00%	36,11%	38,79%	39,04%	39,53%	39,48%
7	70,00%	46,52%	49,46%	49,60%	50,17%	50,25%
8	80,00%	58,77%	61,64%	61,54%	62,56%	62,76%
9	90,00%	73,66%	76,62%	76,35%	77,53%	77,88%
10	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Elaboración propia a partir dos datos da EPF 80-81, da EPF 90-91, da ECVF 1999 obtidos do Gradín (2001) e dos microdatos da EEF do 2007 e do 2015